

A Esmorga

A Esmorga

Eduardo Blanco Amor

A Esmorga Direito autoral © 2013

This book was produced using PressBooks.com, and PDF rendering was done by PrinceXML.

Conteúdos

Documentación	1
Capítulo I	4
Capítulo II	33
Capítulo III	51
Capítulo IV	72
Capítulo V	87
Eduardo Blanco Amor	104

Documentación

Cando eu era aínda moi rapaz, seguíase a falar do caso entre as boas xentes de Auria, cibdá onde nascín e onde as cousas ocorriran. O caso contábase de moitos xeitos pro todos viñan a casar no final, que decote era o mesmo.

Dempois, cando ía pra mozo e dei nesta teima de escribir, falei coas xentes de aquel tempo, pergunteille a uns e a outros, furguei nos papeis e lin os vellos boletís locais que atopei, amoreados i en desorde, un pouco comestos dos ratos, no faiado do Casino de Caballeros. Iste era o centro de xuntanza dos «forzas vivas» e dos comerciantes maragatos que, por seren todos iles afervoados xogadores de mus e de tresillo, falláballes a paixón polas crónicas locais capaces de trocárense en historia ou en literatura; i estaban, polo mesmo, privados de toda propensión a calisquer ordeamento coleccionista que fose máis aló das súas contabilidades i espedientes.

Un meu tío, que fora «ministro» do Xuzgado —no seu tempo chamábaselle co iste magoante nome ós aguaciles— endexamais quixo, ó menos, dun xeito eispontáneo, falar-me do caso, aínda que era, sen dúbida, o que máis sabía dil entre os sobreviventes. Pro mentres fun rapaz non quixo decirme ren, e dempois fun vendo que lle sobraba razón. Somentes cando me viu mozancón asisado, que andaba en tratos con libros grosos —a pesar de que os meus pais tiñan mentes de me encamiñar ó honrado gremio dos ebanistas— e a me cofear cos señorios estudantes, foime decindo, da pouco, coma quen se desfai dun capital, o que tiña visto e ouvido

desta historia dos tres sonados esmorgantes, tristeirísima de seu, aínda que, ás vegadas, se contase nas tascas con rexoubeo.

Niste tempo, meu tío era xa home vedraño e marráballe a memoria, ademais tateaba de vellez, logo de tere sido tantos anos insine paliqueiro, requerido i escoitado en roldas e tabernas. Pra arrequentalrle a carraxe e aledarlle as forzas, foron infindas as xerras de viño que tiven que lle pagar, e algún que outro resolio nas seráns de friaxe, e levalo moitas tardes á raxeira do sol pola carreteira da Granxa, cuias tascas, arrecendentes ó bo morapio do país, minoraban as melanconías dos xubilados. Asumía eu todos estes sagrifizos porque tencionaba facerme coa parte viva dos sucesos que os papeis procesaes, coa súa prosa adurmiñada e as súas consabidas terxiversaciós, non me daban dabondo ou que as pantesías, xa tradicionaes, nos relatos do pobo, me daban en demasía.

Tamén tiven que me valer do Tijeradeoro, que era un xastre, fillo doutro xastre, compañeiro de agulla do Milhomes, a quen o lector conecerá de contado e colleralle —supoño eu, que neso hai difrenza de gustos— xenreira pra toda a vida. Polo visto o pai diste segundo xastre, xa de vello, non facía máis que falar do asunto. Contábao dunhas vinte ou trinta maneiras, asegún o humor que o acometese no seu desenrolo; pro decote cun entusiasmo tan persoal e afervoado coma si en troques de tere sido contemporao, sinxelo contemporao coma tantos outros que facía xa meio século —pois no meu pobo a xente vive con teima inacabábel— asistiran ós sucesos, tivese sido un dos principaes protagonistas. Por todo esto, tales testemuñas de segunda mau —aínda que mellor sería decire de segunda agulla—, tivenas por dabondo sospeitosas, por sobexamente imaxinativas e miudallentas, como decote pasa

coas testemuñas dos xastres que se doen da minuciosidade ornamental e do preciosismo sedentario propios do seu oficio.

Conque pillando deiquí e daló e cavilando pola miña conta, ó traverso dos caracteres entreollados, púxenme agora a escribir esta crónica, a coasi corenta anos de tere recollida tan lene documentación e a noventa dos sucesos mesmos. De este xeito, será doado que se resinta dalgunhas chatas no tocantes á verdade ouxetiva, coma decote pasa coas fórmulas realistas ás que este escrito se axusta conscentemente, ademetindo, por adiantado, o seu autor, os normaes aldraxes e vilipendios que de tal decraración poidan seguirse.

Capítulo I

—Non señor, non lle foi eisé como está nise papel que leron, que os papeis teñen conta do que lle poñen enriba, anque non foi moito o que entendín. Eiquí, o señor, bulía moito a ler, e a máis diso non estamos moi afeitos a ouvir ler en castelán, que eiquí non o falamos; e cando un que non sexa señorito se bota a falalo, decímoslle que fala castrapo... Pro, con todo, non foi eisé anque o diga a Guardia Civil, a tía Esquilacha ou o sulsuncordia, con premiso da súa cara. Nin do escomenzo das cousas, nin do que veu dimpois nin do remate, ninguén sabe nada porque ninguén viu nada, ou si o viron non repararon, que unha cousa é vere e outra reparare.

—Eu, como xa dixen, que eí non o apuntaron, ía pra o meu traballo. Ía pra o meu traballo, eisé Deus me dea, que endexamais saíra da miña casa, ou da casa da Raxada, que pra o conto vén sere o mesmo, tan determiñado a ir pró traballo. O sábado fora a Raxada a buscarme ás obras e fixeramos as paces, por mor dela, que a quero ben, pro máis por mor do pequecho que xa vai pra catro anos e como é tan espilido xa vai entendendo das cousas dista vida... Dormín co ela o sábado e mais o domingo, que boa falla me facía, pois mulleres hai moitas, pro como ela, ó menos pra min... Dunha noutra, tanto me palicou que... Como facía tanto frío e dormiamos moi apegados, non tiña máis remedio que escoitala, e a máis diso, tiña razón... E tanto me palicou que

me fixo engradar, que endexamais unha muller me fixera engradar, fóra da miña nai, que as nais anque fagan engradar a un non é vergoña pra un home. E finou tendo razón nas verbas como a tiña decote nas carnes do seu corpo, que non me podo afastar dela por moito tempo e por moito que faga a Costilleta, que tamen sabe o seu... A Raxada, a máis deso, ten un aquel no xeito das falas, que as vai ceibando solermiñamente na orella, que ás veces son coasi coma si fosen só o alento... E faloume de si e do cativo e das cousas diste mundo cabrón, con premiso da súa cara...

Porque, dempois de teren pasado as cousas que soen pasar cando un home e unha muller durmen xuntos, e cando se é mozo i as cousas pasan unha i outra vegada, e mais outra i as que sexan, pois levabamos máis dun mes sen o adubío, pois un vai quedando, pouco a pouco, sen saber qué facere de si, eisí coma esmorecido nos brazos da muller. Cando é coas outras, eu líscome axiña porque até me somella que se poñen fedorentas e que cheiran a bravú, con premiso de vostede. Pro coa Raxada un quédase na quentura do leite e un vaise trocando nun cativiño, acochado descontra o seu seo, que 0 ten ancho e fermoso, coma si fora a nai dun, aínda sendo máis moza do que un...

Pro, aparte de todo, sobráballe razón. O rapaz non tiña culpa de ter nado nin de que a súa nai fose unha churriana i o seu pai un borracho... Borracho pro non larchán, hai que decire as cousas como son... Aló estaba o probe engruñado ó pé da cama, nun endrollo de farrapos e cobertores vellos. Cando acendía a vela pra ir facer as miñas necesidás, abría os ollos, que os ten lerchos e azús coma a súa avoa, e botábame un sorriso. Dormírase, i espertaba cada tanto, roendo nas rosquillas que eu lle levava. E aínda unha vegada tiven que

me erguer pra escorrenarlle un rato que lle andaba nelas, e deille un grollo daquel viño con romeu e zucre que tiñamos a quecer no braseiro. Nunha desas tamén me dixo o inocente:

— «¿Pra que lle pega á mamai?»

— «Eu non lle pego. ¿Por que dis eso?»

— «Porque xeme, que a ouvín xemer polo baixo». Os rapaces todo o albiscan, leve o demo... E díxenlle:

— «Boeno, durme, durme...» E pergunteille si tiña frío. ¿E sabe o que me foi responder?

— «Cando vosté está na casa non teño frío, aínda que non durma na cama...» Porque o meu rapaz élle moi espilido, i ás vegadas di cousas que mesmo rachan as carnes, que hastra eu quixera que non falara eisé como a xente maor. A Subela tenme dito moitas vegadas que todo é ensiño da nai pra me amolecer; pro non é certo, porque disque que cando eu era neno tamén tiña desas saídas. Porque o meu Lisardiño...

—

— Si, señor, si; xa vou ó conto. Non fago máis que ir ó conto, anque non pareza. Na vida dos homes, aínda dos homes coma min, non lle é todo arroutada, que as cousas requiren ter o seu comenzo, e moitas vegadas o que se ve sae do que non se viu, e todo hai que ilo dicindo, anque eisé de pirmeiras non somelle vir ó conto... Pois indo ó caso, o caso foi que don Pepito, o médico, tíñame dito que a doenza da Raxada, anque non se ve moito, é desas que poden dar no eivamento se non se coidan e que tiña que botar mau dela pra que as cousas non fosen a maores... Dela e do fillo, porque senón íbanmo levar ás Hermanitas do Hespicio, de onde saen todos arriquitados

ó pouco tempo. E un, por moi estragados que teña os miolos da súa ialma, non fai un fillo pra que llo boten ó esterco, con premiso da súa cara, e lle chuchen a ledicia do sangue a forza de telos, coma os teñen, naqués sombrizos do asilo engulindo auga quente con pan duro do decomiso e paspallando decote avomarías coma se os fosen axusticiar. □Meu pequecho!

—

— Si, señor, si, xa sigo. Déixeme aturar un anaquiño que co isto de... pónenselle a un roucas as falas... e... Boeno, pois, coma xa dixen, eu non andaba de parranda, que non era hora aquela de andar de parranda se non se trai empalmada dende a noite. Eu ía pra o meu traballo, nas obras da carreteira nova. Xa levaba nelas uns cinco meses, dende o vrau, desque as obras viñan por Alongos. Xa dixen esto, que o sabe todo o mundo e non teño por qué o repetir. Saco un bo xornal; un día co outro uns seis reás, picando morrillo de sol a sol, que hai traballos piores e non me queixo... A casupa onde vive a Raxada, desque se foi da casa da Monfortina por mor do pequecho, quedáralle dos pais cunhas leiras darredor, que vendeu cando se puxo ó trato. Está máis aló de Mariñamansa, así que eu tiña que saír con noite pra estare ás sete da mañá en Ervedelo que é, como vostede me enseña, por onde veñen as obras da carreteira, que eu traballo alí, a par da ponte que están erguendo a todo bulir pra que poida pasar o diputado, que disque vén o mes que vén, co gallo das eleccións... Fixérame a probe Raxada unhas sopas de allo que aínda as sentía quentes eiquí no coalleiro, coa súa licencia, cando saín e me atopei coa friaxe da mañá que me colleu todo o corpo, coma si as sopas fosen a única cousa quente que tiña dentro de min, así Deus me salve. Toda a noite estivera xeando, e a lama estaba dura nos sulcos das rodas, i a carreteira somellaba de pedra que até se podía trepar nas

pozancas que deixara a chuvia coma si foran de vidro grosso, que hastra as herbas da cuneta brillaban co carazo coma si tivesen luz por embaixo do terreo, pois aínda non se vía coasi nada.

Eu andaba cos pés encetados cuns sabañós que me collían todos os artellos dos pés, con licencia, e doíanme de raio cando topeñaba coas chancas descontra as saíntes do camiño, de tal modo que tiña que ir pola herba, que anque non estaba mol estaba máis mol que aquela durén da lama xeadá. A máis dos pés, a Raxada trabucárase no pemento das sopas e puxérallo todo picante, e de tal modo o estámago íame saíndo do quente pra enchérseme de lume... E con todo isto e coa noite pasada en tanta faena, ía de moi mal xenio pra o traballo, e non me chegaba xa o intre de atopar unha tasca aberta pra botar un par de vasetes do branco, pois un será o que queiran, pro un non é coma outros que desaúnan con media ducia de *perritas*, ou séase de augardente do país.

A pouco andar, e cando ía chegando polo mesón que lle din da Cristalina, o tempo atepedouse, coasi de súpeto, cun neboeiro que se viña erguendo do sul, negro coma mis pecados, pro de máis bo levar que aquela friaxe de coitelos que me deu no rosto da cara ó saír da casa da miña amiga. Polos altos do ceio, que arestora estaban a crarexar a modiño, coma con preguiza, víñanse erguendo unhas nubes empardecidas e víase que ía cambiar o tempo pra tronada. Eu estaba vendo que se me ía amolar o día de traballo, pro non habería desculpa que me valesse, coma noutras ocasións que me agarraba a calisquera cousa pra non ir ás obras. Agora anque fose darrastro íría pra manterme no que prometera. Pediríalle ó capataz que me dese outro choio nas chabolas por esa xornada, que o caso era cumprir, e ademais aínda sei algo de ferreiro e de apuntar pistoletos dos barreneiros, picarañas e demais.

Conque afundín as maus nos petos da zamarra e apretando os dentes, polos condenados dos sabañós que se me apegaban e desapegaban ás zocas, e mais polo estómago que me ardía como si levara un torgo nil, seguín o meu camiño con carraxe. Cando ía nistas, cavilando na «perra vida del trabajador», como di o Serantes nisas xuntanzas de homes de traballo que agora se estilan e que se chaman «mitís», e non lle falla razón, aínda que non sexa máis que carpinteiro de obra, pois socedeu que ó lonxe vin, polo entremedio do neboeiro, dous vultos de home que se querían eisí coma disimular nun dos grosos negrillos que aló hai, a par da carreteira. Pro non resultou eisí, pois un acendeu un misto pra acender o cigarro, e saíalle fume tamén darrente ós pes, polo que me decatei que estaban mexando, con premiso da súa cara, arrimados descontra o arbre, que non sei a qué viña tanta precaución pois non se vía alma viva, anque quizais o fixesen por ser esa costume dos homes aínda que non os vexa ninguén. Conque eu pareime tamén pra picar o cigarro e tamén pra darlles tempo a que se afastasen de alí, pois non me gusta nin pasar por diante da xente que non dá a cara como se debe nin tampouco esviarme coma si desconfiase ou tivese medo. E boteime a camiñar de paseniño dándolle ó mecheiro pra que se disen conta de min, anque xa estaba certo que me tiñan visto ou ouvido polo tranquelear das chancas, que as teño ferradas, e máis agora que me botara a andar polo meio da carreteira... E foi nistas cando os dous vultos de home saíron da boira e viñéronse pra min, correndo e bradando coma dúas pantasma, cunha manta botada por enriba das testas, que somentes se lles vían os catro pés. Supuxen de seguida que sería unha bulra de conecidos, pro, polo si ou polo non, afirmei a mau na navalla e quedeime parado. Ó chegar a min, deixaron caír a manta, escachando a rir, e resultaron ser o Bocas e mais o Milhomes.

— Si, señor, si; os mesmos. O Juan Fariña e o Eladio Vilarchao, que están eí nos papeis, son o Bocas e o Milhomes polos alcumes, que é como eiquí nos conecemos todos e que non ofenden a ninguén, porque Xan e Aladio poden ser calisquera, pro o Bocas e o Milhomes só poden ser os que son, do mesmo xeito que eu son Cipriano Canedo e me chaman Cibrán ou o Castizo, como vostede goste, pois o meu pai tiña un castizo pra servire porcas, con licencia... Anque tamén me chaman o Tiñica e o Puchapodre, porque de rapaz tiven a tiña, que me durou hastra mozo, e andaba coa gorra moi apegada...

— Non, señor, non; só era pra írmonos entendendo, pois xa me vou deprocatando que vostede non é deiquí...

—Non, señor, non; non é que me importe senón pra que me entenda, pois tamén lle tivemos un capataz, que era das partes dos murcios, que aínda falándolle na súa fala non nos entendíamos... Pois indo ó asunto, eran Xanciño o Bocas, ou o Alifante, ou o Peitodemacho, e mais Aladio o Milhomes, ou o Papaganduxos, ou o Setesaias, ou o Maricallas, tamén como a vostede lle pete, que eiquí todos temos onde escoller... Conque arroteáronme rindo e zapicándome nas encostas, i o Milhomes biliscándome na entreperna, como tiña por fodida costume, e querendo botarme a manta por enriba. Deixáraos na taberna do Narizán, facía dous días, que era sábado, no comenzo dunha daquelas esmorgas que os fíxeran tan sonados entre todos os esmorguistas de Auria e dos arredores, nas que se metían e non saían até quedar guindados por eí, coasi

decote nun calexón ou nun carreiro das aforas de onde os apañaban os veciños ou os municipás pra botalos á perrera hastra que se lles fose a rolla, ou até que os irmaos fosen pedir por iles, pois os irmaos de entramos a dous, son homes traballadores e de bo siso, que hastra lacha lles daba teren tales perdidos na familia, que non fallan disgracias entre a millor xente... E isto non é acaloñar ós meus amigos nin apoñerlles ren que non sepa todo o mundo, coma quen di.

—

—Si, señor. ¿Pra que o hei negar? Tamén eu me metía nesas algunha que outra vece. Pro esta vegada non foi eisi. Non foi, porque dende o comenzo da outra somana, así Deus me dea como tiña mentes de facer as paces coa miña... boeno, coa Raxada, e darlle o xornal cada sábado pra non andar caíndo en tentaciós. A verdade é a verdade. Se cadra, eu non son mellor nin pior que iles, pro niste caso eu tiña mentes de ser deicadiante de outro xeito, ou de portarme de outro xeito, que vén sere o mesmo... Conque pilláronme polas maus e fixéronme dar voltas coíles, e fixéronme rir, e roldabamos todos tres a rir, e da gargallada dos tres saía a voce do Milhomes que cando ri somella unha galiña, que por iso non me gusta rir coíl onde hai xente, porque chama moito a atención. E moitas vegadas, cando andabamos por eí co dálle que tienes, dunha taberna noutra, eu non ría pra que il non ceibase aquel cacarexo de madamiña que todos ollaban pra onde saía e coñeábanse de nós.

Víase ben que andaban, coma quen di, xa na desfeita dunha boa esmorga, pro aínda bastante bébedos. O Milhomes meteu a manta no cinto, coma unha saía, e púxose a bailar, cantando o «Morrongo», á imitanza dunha lercha que viñera, pra as festas do Corpus, ó cafe Mendenúñez. Bailaba arredor do Bocas facéndolle carantoñas de calliqueiro, e o outro facía

coma que o tornaba de si, coma quen espanta moscas. Logo foise pra il e escomeuzouno a petellar acoxegando nil, e ríanse os dous a morrer, e o Milhomes ría polos altos do narís coa súa gargalladiña de costureira... Logo botaron outra vece a manta por enriba e puxéronse a latricar en castrapo, imitando as falas dos señoritos e as señoritas.

— «¿Como está vosté?»

— «Moi bien, anque medio amolado por la temperatura...» Non sei por que, ó decir temperatura escachaban a rir que até somellaba que ían afogarse.

A min aquilo dábame noxo —xa llo tiña dito moitas veces—, e boteime a andar, seguindo o meu camiño. Pro ás poucas pasadas que dei, ouvín que o Bocas daba un berro tremendismo, e vin que o outro o tiña pillado polas partes, estordegándollas morto de risa. Pro o Bocas colleu azos de seguida e apañouno cun suco no meio do peito, que esboirou talmentes coma un golpe de bombo, e guindou co Milhomes estarricado no chao. Víase que polo menos o Bocas non estaba tan bébedo, pois os golpes dos borrachos non dan pra tanto. Como o Milhomes, sin conquerir erguerse, escomenzou de chuspirlle aqueles aldraxes que sabía escoller tan ben pra ofendere, o outro fóiselle enriba pra asegundarlle a couces. Algúns lle deu até que eu cheguei e púxenme entre os dous, e co aquel de querer atallarlle o pulo ó Bocas, coasi me guinda a min tamén, que touro coma il eu non teño visto, e ademais é dos que se cegan cando se pon a bater nun home. Conque o Milhomes calou e quedou alí estarricado a laiarse, agora con voce de neno. A min púñame lástima e non sabía qué facer. O Bocas ía dun lado pra outro abambeándose, co corpo encollido, xurando polo baixo, coas maus sobor dos janitales coma quen sinte un gran door. Axudei ó Aladio a se erguer e díxenlles:

— «Eso pásavos por non saber ter conta coa bebida».

— «Díxolle o pote á sartén», marmulou o Milhomes que endexamais ficaba calado anque estivese morrendo. E coa mesma puxo a manta por enriba da testa e botou a andar.

— «¡Párate eí, merda vella...! En canto me podía endireitar vouche comer os figados; malia a nai que te abatanou...!».

— «Vánchese indixestar», cacarexou o outro por entre a súa risiña de costureira, botándose a alandillar con todo canto lle daban de si as pernexas curtas i o paso miúdo. O Bocas endireitouse dun arrepente e ás catro alancadas xa o tiña embaixo tumbado, enriba do lombo, baténdolle feramente nas illargas e cos dentes afundidos na carne do carrolo, mesmamente coma un can acirrado, fóra a ialma. O Milhomes revirábase, cos beizos arregañados, sen xiquer poder queixarse... Custume barro e fariña poder soparalos, e aínda coido que si o conquerín foi gracias a que naquíl instante viuse que viña chegando unha reata, que xa se ouvían os axóuxeres das mulas e os algareos dos arrieiros.

Ergueuse o Bocas de enriba do outro, pasando a mau pola boca e chuspindo. O día viña moi dapouco e lixado pola nubazón, pro a min dábame lacha que os poidesen vere daquel xeito: un coa camisa toda rachada e os beizos cheos de sangue, i o outro, debruzado no chau, todo esborroado, coma morto. Pro no tocante a iles, non había que darlles moito creto. Decote andaban eisí anoxándose, dándose tundas, até que un deles non podía máis, pra logo buscárense de novo. Endexamais resultou craro si se tiñan agarimo ou xenreira, pro non podían andar un sen o outro e nunca os ollei bébedos por soparado, como si pra andar xuntos tivesen que beber. E cando non andaban de tranca somellaban non conecérese un

ó outro, que coasi nen se falaban; adeus por adeus, coma si tiveran vergoña un do outro. Pro en canto se xuntaban non facían máis que pelexar de moi mal modo. I o máis estrano é que si alguén se moqueaba do Milhomes, eí saía o outro a volver por il, que foran moitas as zarracinas que se tiñan armado por esta teima de Xanciño de dar a cara por somellante soleta. O Milhomes, con seu aquel de focho e gordete, coma de manteiga, non tiña meia hostia ben pegada, e deso se valía pra armar aquelas gallifas coñeándose dos outros, coaquel seu modo de fitar pra a xente, seu sorrisiño e aquelas falas, que as botaba coma o barro á parede, buscando sempre onde máis doesen, que pra eso era pintado. Cando se lle decía algo por bulra, tocantes ó seu oficio de xastre: «sete xastres non fan un home» ou eisí, cuspiñaba de si tales pezoñas que un non sabía si apandar co elas ou crebarlle os fuciños a pancadas.

Conque, erguino de novo, peguei no outro por unha manga e empurreinos pra que se metesen na cuneta, que alí era bastante fonda. Eu voltei ó camiño no intre que pasaba a reata; e un dos tratantes, que sin dúbida albiscara algo da barafustada, paroume pra me pedir lume, abesullando con ollo sesgo pra onde se agacharan os outros.

— «Seique nos adevirtimos» —dixo, rosmando por antre as chupadas.

— «Non vai chegar o sangue ó río. [Cousas de San Luns!]

— «Máis vale eisí... Pois andade con ollo, que atopamos á parexa tomando a *perrita* en Seixalvo. Parez que andan á percura dun que fixo onte un bo lío nunha taberna da vila. Veñen pra eiquí, de relevo. Conque... saúde».

— «O mesmo digo».

Quedeime facendo o mougán, para deixar pasar a longa ringuileira das bestas, e logo asubieille ós outros, con aceno de que podían saír, sen me mover de onde estaba, pois os condanados dos tratantes ían voltando a cabeza. Como non sortían do recuso, funme pra aló, cavilando en se non estarían a romatarse polo baixo, como cousa de bébedos que se pelexan sen falar. Aló os atopei, Deus non me dera, o máis ó rivés do que agardaba. Xanciño estaba sentado no ribazo da cuneta co outro a se laiar, debrozado nos xoenllos, pasándolle un pano pola ferida do carrolo que mollaba nunha fochanca legamosa. A ferida non era fonda, pro apuña moito con seu aquel do coiro esgazado e afundido nos buracos feitos polos dentes, pois a chantada fora de moito carano, con licenza de vostede.

— «Hastra parez mentira, hom...», díxenlles por falar algo. «¡Menos mal que sodes amigos del alma!»

— «E a ti que coño che vai nin che vén?», alporizouse o Milhomes facéndome cara. «Métete no teu, que estas son cousas nosas».

— «Por min que vos esfofen ós dous. Sodes tal pra cal... ¡Voume pra o meu traballo!»

— «¿Pra onde vas, home?», dixo, de bo xeito, o Bocas, erguéndose e asoparando ó outro dun empuxón, coma si de novo se estoxara dil. «Está vindo a chover e non vas a ter choio. Ademais xa non chegas á lista... e teño que che falare...» Nefeuto, veuse pra min, colleume polo ombreiro e botou comigo polo meio da carreteira, andando dapouco, deitándome as verbas coasi na orella, bulindo a falar polo baixo:

— «Non me deixes soio co este porque xúroche que acabo co il». O Milhomes estaba lavaricando o pano e canturriando coma si tal cousa.

— «Non sei que necesidá tes de andar na súa compañía...»

— «¿E non ves que se me apega, que non me podó ceibar dil?»

— «¿Que che se apega! ¿Que che se ha de apegar! ¿Non serás ti que o buscas?» O Bocas quedouse un instante a pensar, logo engadiu:

— «¿Pois eso é o fodido! Sin il non me adivirto... E si ando co il, chega un intre en que nos temos que bater, é decir, en que teño que mallar nil, veña ou non a conto... Pro sin il non me adivirto, veleí tes o caso...»

— «¿Vaites, hom!», dixen rindo. «Logo, daquela, tente domiñado. Pois si que é moito caso...»

O Xanciño espetou nos meus os seus grandes ollos azús, moi abertos, acobados no sobrecello avermellado, coma si desbotasen de si un lume frío.

— «Cibrán, non me voltes a decir cousa somellante, nin de coña... Aínda que che quero ben non cho podería disimular, e conécesme o xenio dabondo».

— «¿Vaiche boa, home! Agora co iso... Garda as túas arroutadas pra os que lle dean creto, que a min éntancheme por un ouvido e saénme polo outro. Xa sabes que son tan home coma calquera, ao par de calquera, e non se fale máis deso, e déixame ir pra o traballo».

— «Dígocho ó serio, Cibrán. A idea de que este merdán me teña sobranceada a vountade, vólveme tolo. Non coides que non o teño xa cavilado. Parez un meigallo de vellas, ¶me caso en Dios! Pro faime o favor, non me deixes só con il. Págoche o xornal, teño cartos. Quédate connosco. É un favor que che pido de amigo».

A verdade é que me doían os pés e que me sentía moi esmorecido por aquilo das paces coa Raxada, que foran moi arreo e que nos levaran coasi dúas noites e algunhas veces tamén polo día, coas gañas que eu tiña dela e ela de min, e tamén co gallo do frío que nos tiña apegados todo o tempo na cama...

A máis deso andaba a sentir que me ía vindo o «pensamento», que decote me escomenza eisí, co ise esmorecemento, anque non sexa cansacio, que non ten ren que vere co cansacio, que ás vegadas vénme mesmo ó me erguer de dormir toda unha noite ben comprida. E, ademais, o día, nefeufo, viña avolto polo ceio e xa escomenzara a orballar mesmo coma pra chovere forte, porque eiquí cando emprincipia... ¶E, que carafío, non era cousa de porse a picar morrillo co aquel esmorecemento que me viña, e coa auga a Deus dala, coma outras vegadas que me pillou a chuvia no choio, e tere que apandar co arrancallo da corozza que alí nos emprestan, que cando se enchoupa pesa coma si fora de pau, que nin deixa mover os brazos...! E tamén me dixen, coma xa dixera Xanciño, que seguramentes non se ía a traballar nas obras, pois anque o inxenheiro novo, que viñera de Madrí, decíanos que xa levabamos dous meses de perda e reventábanos a traballar nos días bos, en canto se viñan catro pingas púñase a arrenegar da chuvia do país e andaba connosco feito unha fera brava, coma si tiveramos a culpa...

E, a máis deso, ¿onde irían xa as sete da mañá, que é a hora en que se retiran os listeiros...! Craramente, que eu tiña dado a miña palabra e que...

— «¿Que determinas, Castizo? Non é pra remoelo tanto... Xa che dixen que che pagaba o xornal. A máis deso, xa sabes que si ti me pidises un favor de amigo...!»

— «Boeno, imos botar uns vasos, logo xa veremos. Polo pronto quérome escalzar un pouco que xa non aturo máis».

Conque, vai e collimos pola carreteira abaixo, co Milhones uns pasos atrás de nós. Ó chegar perto do Posío entramos na taberna da tía Esquilacha, onde pararan tamén os tratantes. Había un bo lume na cociña, e estaban nela os arrieiros almorzando chourizos asados con pantrigo e viño novo. A min, como xa dixen, andábame a rondar o «pensamento», que decote me vén dapouco, cando escomenzo a facer cousas que sei que non tería que facer. O certo é que me sentía moi magoado e tristeiro, co aquilo de non irme ó meu traballo, ó menos pra me cerciorar de que non habería choio por mor da chuvia, e quedar tranquíu pra non deixar, pola miña conta, sin comprimento a promesa que lle fixera á Raxada, que aínda cando saín da casa ía tan contento coma facía moito que non o estivera.

Aló dentro o aer estaba tépedo, agarimoso e cheio dese arrecendo das tabernas no inverno, que tanto gorenta o corazón e que fai esvaír todas as cousas amoladas que un leva na cacheira cando aló entra. Arrecendía, ademais, ós chourizos asados e ó viño novo, que xa se vía que tiña boa chispa co só ollarlle as burbullas a desgaxarse en canto caía nas cuncas... Afora debruzárase a chuvia, achoadada e mesta, e o día puñérase fusquento coma si voltara pra atrás. Cando

se abría a porta, entraban os refachos do vento até a cociña espaxando o fumazo e facendo arrandear as restes dos chourizos dependurados encol da lareira...

—

— ¿Como, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a decir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e si unhas non houberan pasado as outras tampouco.

—

— [Que han ser desculpas! Eu non teño ren de que me disculpar que eu nada fixen, pois a ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñer.

—

— ¿Feitos? Feitos sonlle todos, tanto os que pasan fóra dun coma os que pasan dentro dun. O que pasou, pasou. E arestora xa ren queda do que pasou fóra dun, senón dentro dun. Agora todo está dentro de min, e si non me peta de me baleirar do que teño dentro, pois o que pasou queda coma se non tivera pasado.

—

— [Deus lle me libre! Téñolle todo o respecto que vostede merez. Pro tamén teño que decir as cousas como sei decilas e non podo decilas de outro xeito, por máis voltas que lle dea. A máis deso, os feitos, coma vostede me ensina, por máis que faga non me veñen á mamoria uns detrás dos outros, todos en fía, senón todos xuntos e mesturados, coma si o tempo se

mesturase tamén e todas as horas se tivesen mesturado sen se querere asoparar unhas das outras. Ó que foi de día, se me poño a matinar, aínda podo conquistarlle certa disposición. Pro o que pasou á noite... A noite está ateigada de cousas, todas tan xuntas que mesmo me somella que non pudo habere tempo pra tanto, coma si foran moitas noites xuntas, unhas a cabo de outras, ou unha noite moi longa, sen día no entremeio; ou coma cousas desaxeitadas, sen antes nen dempois, que nin eu mesmo me entendo... A máis diso, tiven moitas vegadas o «pensamento», que me veu moi seguido, e daquela é coma si me ceibasen do tempo e de todo, coma si estivese e non estivese...

Conque indo ó caso, a tía Esquilacha, como cheirou que había cartos, fixonos unha boa tortilla de patacas, chourizos e cebola, e tamén uns pementos fritos, que comimos na cocíña, ó pé do lume, onde os arrieiros estaban a asar castañas novas que traguían nunha saqueta.

—

— ¡Craro, señor! Eso eu non llo preguntaría a ningún cristiao destas terras... ¿Como íamos a comer a secas? Bebéronse uns netos...

—

—Non sei, señor, porque o Bocas pagou todo, pro serían dous ou tres xerros de dous netos cada seu, que non é moito que digamos pra tres homes mozos desta terra. Como era viño novo e con boa agulla, íase coma si fora graciosa, coase sen se sentire... O malo foi que o Milhomes, que disque tiña catarro, empeñouse en pedir un cuartillo de augardente... e algo lle axudamos.

Xa feita a cousa, eu, por min, non me houbera movido de alí. Estábase moi ben, ó quente, manxando, bebendo e ouvindo as chuscadas dos tratantes ó pé da lareira co seu bo lumazo de mollos facendo esboirar as castañas, mentres afora chovía a Deus dala. Pro o Milhomes andaba teso, coa cachola degolada pra atrás, coma ollando pra o aer, e o colo metido entre os ombreiros coma un xorobado. No carrolo víaselle moito a ferida arregañada, que se vía que se lle estaba asañando, e escoáballe un sangue augachento que sacudía cos dedos a cada tanto, xurando cada vece que o facía. Xa un dos arrieiros lle perguntara si era andacio do país aquela cras de toromelos que lle saían na añauca... Cando levabamos alí máis dunha hora, chamoume aparte a tía Esquilacha, á que vin antes falar con un dos reateiros, ollando pra nós, pra me pedir que levase de alí a aqueles bébedos, que xa ían tendo no corpo dous coartillos de augardente e que aínda pedían máis; que a parexa pasaba a eso das nove pra o relevo e que decote facían recalada na taberna, e que a súa casa era mesón de tratantes e feirantes, todas xentes do bo siso e moita formalidá, e non tasca de esmorgantes da vila, e que faría ben en voltar pra a casa da Raxada ou pra a da miña nai se non podía seguir pra o traballo.

O consello era bo, pro a idea de ter que pór de novo as chancas e volver a tripar pola lama, arrepiábame o corpo, polo gallo dos sabañós esfolados. Díxenlle esto, e de alí a pouco chamoume pra dentro da casa e fíxome sacar os calcetís, que vin a Deus e á súa divina cara, con licenza de vostede. Logo fíxome meter os pés nunha barreña de auga de allo quente, e pasoume as partes encetadas con follas do botón que trouxo da horta e que bateu nas maus botándolle chuspe e untándoas dimpois con manteiga de cerdo, co premiso da súa cara, co que quedei moi aleado .. Cando estaba finando, sen parar de dar-me consellos, pois é moi amiga da miña nai e muller de

moito creto, apareceron os outros, xa moi peneques, facendo bulras ascarosas, porque me atoparon sentado no leito, así como querendo decir que eu estaba de rexouba coa tía Esquilacha, que ten anos pra sere mi madre.

Coas pancadas e arrebuños que se deran e coas copas e a veciñanza do lume, puxéranelles as caras grandes e vermellas coma carautas do antroido. Véndoos en tal condición, e no mesmo instante en que estaba a facer mentes de non saír co iles, asomou o arrieiro pra decirnos, falando moi apresa, que acababa de entrar a parexa da Guardia Civil, que disque andaba a precurar a uns pándigos que estiveran na carreteira de grande liorta, que llo contaron unhas regateiras das que veñen cedo á vila pra vender o rianxo, e que si cadra eran os mesmos que armaran outra zarracina o sábado á noite na taberna do Chaguazoso. Eu non lle dei creto, porque xa se vía que o tal reateiro era un bo bardallas, no tocantes a que nos visen as regateiras. Estaba seguro que ninguén, que non fosen iles, tiña pasado cando os outros andaban a rompérense a ialma, e que eran iles mesmos os que contaran o asunto, pois eran homes moi renanteiros, de eses da raia dos maragatos, e ademais con moita de esa solercia que se adprende polos camiños do mundo.

Mais, polo si ou polo non, conviña liscarse... Conque saímos pola horta e botamos a andar por embaixo daquil bullón de auga que non daba folgos, e meténdonos por unha verea que cruzaba unhas hortas, fumos saír á Ponte Pelamios. O ceio viña baixo, apelexado e mouro, e chovía a escachar con rachas de vento frío. Seguimos pola beira do Barbaña até chear ós arrabaldos da Burga, onde nos acollimos baixo da ponte. Os outros, que coa pítima coasi non podían mover as pernas, embrulláronse na manta deitados no chao, e, a pouco, xa roncaban coma marraus, fóra a ialma. A cibdade somellaba

asolagada por aquil baleirarse do ceio, sin trégoas, que puña triste o corazón. A min xa me pesaba non tere bebido máis, porque cunhas cousas e outras, andábame a amolar o «pensamento» así coma de lonxe, pro con gañas de botárseme enriba e meterme na súa negrura, coma decote me socedía...

Cando espertaron, a eso de unha hora dempois, seguía chovendo arreo e o día empardecera aínda máis, coma si fora a vir a noite. Falaron de ire eiquí e aló, pro coma co aquil tempo non se podía ire a ningures e aquiles non podían estar sin facer falcatruadas, ó Milhomes deulle a mona por querer subir ó xardín dos Andradas, que estaba alí pertiño, escadando o paredón pra vere si viamos á señora, pois decíase no pobo que todas as mañás, dende o raiar da ialba asomábase á galería que dá ó xardín pra lle dare frangullas ós paxaros que, polo visto, víñanlle comer á mau armando grande rechouchío, que hastras disque somellaban falare co ela.

Eu tiña ouvido o conto, igoal que todo o mundo; aquela historia de don Fernando de Andrada e da súa muller, e déralle o mesmo creto que ás outras moitismas marmuraciós que van e veñen duns a outros nesta vila de folgazás. Como eiquí chove sete meses ó ano, a xente entretense en palicar a carón das camillas e arredor dos braseiros, ou nas tabernas e cafés, matinando en tales pantesías.

Polo visto, asegún se marmuraba xa facía anos, que eu xa o viña ouvindo dende rapaz, o vinculeiro dos Andradas, que era o único vivo que quedara dunha familia morta toda dunha tísiquis do peito que pegara nils e que os fora levando un a un, pasara toda a mocidade no estranxeiro, a onde o mandaran pra que non se lle apegase o mal. Contábanse dil cousas de moita grandeza, como fan decote os probes cando falan dos ricos, que ó mellor non é tanto... Que si lances de xogo e

de amoríos, que si estivera nunha guerra de por eí adiante entre xentes que non teñen ren que vere conosco, que si fora, en segredo, amigo dunha raíña, porque disque era baril e bo mozo coma non se tiña conecido outro; que si sabía falar todas as falas do mundo e tal e que sei eu... que penso que todas serían latricadas de comadres, de xastres ou de costureiras que teñen ese bezo de dárenlle á língua e de andaren a remexer nas honras alleas... O que parece que era certo é que voltara, xa bastante estragado das súas andadas polo mundo, a facerse cargo de seu herdo que disque que era aínda de moita cuantía. Asegún din, as cousas da herdanza non as tratou con ninguén e arranxáranas uns avogados cos outros pra lle sacar do papo ós frades de San Francisco unha boa endentada que lle tiraran á nai que morreu tola, asegún din, que eu neste non me meto. Conque disque voltou a viaxar por esas terras de Deus, i ó cabo dos anos chegou de novo traguendo consigo unha dona de tal fermosura, que os poucos que a viran decían que endexamais se tiña ollado cousa somellante... Pro ninguén voltou a ollala dende o día que chegaran, fai desto uns doce anos, que foi cando eu o ouví contar. Polo visto o Andrada meteu á muller na casa, fechou as portas e non tratou con alma diste mundo nen se lle viu endexamais andar polo pobo, nen xiquera cando veu o rei, nin cando ardeu o barrio da Ferreiría, e iso que o lume andivo a lamberlle as paredes do pazo, pola parte que dá a carón da cibdade... Disque, ás vegadas, víaselle dacabalo, ó mencer, pro fóra dos camiños, perto dunha finca que ten, con outro pazo, polas terras de Santa Cruz de Arrabaldo; i outras veces tamén de noite, que puña moito medo... Falar falábase moito, pro ninguén sabía decire cómo era nen cómo andaba vestido, que todos debían sere latricadas de folgazás e contos de vellas... Tamén disque que os criados que trouxera desas terras por onde andivo, non falaban coma nós e que os remudaba cada ano, ou antes si os vía tratárense con

alguén do pobo, pro eu endexamais soupen de ninguén que os tivese tratado, que de iste modo son as historias e as testemuñas que levantan as xentes de moito lecer pra darlle á condanada da língoa... E tamén se ten dito que facía viaxes cada tempada, sen saberse a onde ía, e que levaba consigo toda a xente, menos a dona, da que nunca se volveu sabere... Algúns decían que a tiña fechada a cal e canto, por mor dos ciumes que tiña até do aer que a tocaba, que din que lle faltara cun amigo nesas terras de por eí adiante, e que a trouxera á forza pra tela, de por vida, metida na casa coma nunha cadea. Outros decían que entolecera de vérese tan dispreziada, que hastra disque que lle pagaba cando estaba coela en matrimonio, coma si fora unha churriana, e outros aseguraban que lle dira morte e que a enterrara no hortal..., que hai que vere canto cavila a xente no que non lle vai nen lle vén, como di miña nai, que foi a que me contou a meirande parte de todo isto.

Conque, de todo isto falamos os tres, e cada un contou o que sabía, que era coma falar de rabos de gaita e asubiarlle ós biosbardos, pro como non sabía a onde ir, ou non se podía ir, de algo había que falare. Pro o Milhomes seguía na teima de querer vela. E o Bocas, que de comenzo non puñera no que se falaba moito intrés, anque tamén dixera a súa, quedouse teso e morcón, cando saltou, nunha desas, o Milhomes:

— «Pois iso de que a matou non é certo... Non é certo porque eu vina, co istes mesmos ollos, vai pra dous anos, máis ou menos...»

— «Que has de vere ti, carriza...! Soñáchelo, ou víchela un día que pescaches unha tranca meirande que as outras», dixen eu, non só porque non lle daba creto senón pra que o

outro, que era máis porfiado que unha besta, non dese tamén na teima de querer seguir ó Milhombres na súa tolaxada, pois iste soio xa sabía eu ben eu non se estrevería.

— «Dígocho que a vin, coma vos vexo agora a vosoutros...! Vívola eu e mais o Argadelos...»

— «...e senón, vámosllo a perguntar ó camposanto».

— «[Xa podías pór testigos máis a mau!]

— «Subimos un día, ó mencer, agatuñando pola hedra do paredón. Andiveramos de esmorga na víspora, pro xa non estabamos bébedos, tal coma agora, que a min váiseme axiña, e xa ti o sabes... Foi un instantiño, que eu non me poiden agoantar que non teño moita forza, e ademais esfolara as maus agatuñando. E o Argadelos xa sabendes como estaba o probe, que non sei como acadou de subir até o cabo. Vívola un instantiño e quedamos abraiados de somellante cousa, que eu hastra non o quixen contar a ninguén... Din que outros tamén conqueriran subir noutras ocasións, pro que cando asomaran a cacheira ó romate do paredón, por alí ¿vedes?, por onde se olla o cenador, baixáranos dunha perdigonada de sal disparada dende a galería do pazo. Un foi o Lambelaxas i o outro o Rodeiro, que traballa na fundición asegún me dixerón».

— «Non sei se será certo», interviu o Bocas con aer serio, «pro eso mesmo ouvinllo en un día ó Argadelos... Non lle din moito creto porque era moi pantesioso cando se puña a falar de mulleres, que disque de eso lle veu o mal que nil pegou, que se foi mazmindo de tanto matinar nelas, que non facía outra cousa día e noite. E tamén lle ouvín que era a muller máis belida que se tiña visto ou soñado, e que desque a vira perdera o sono pra unha chea de tempo».

— «Eso pásalles moito ós que teñen o mal cansado, que tamén un meu curmau, que morreu dunha hética do peito, dáballe por non durmir...»

— «□Pois xa me está a min picando o asunto ise», dixo o Bocas co aquil seu endureamento dos ollos que se lle puña cando collía unha determinación. «Eu por min subiría... ¿Total que estamos a facer eiquí?»

— «Eu non sei si poderei, coa chantada que me ferrou iste animal que me está a doer o carolo que nin o podo mover... Pro vou con vosoutros pra decirvos coma tedes que facer. E ogallá poida subir eu tamén».

— «¿Que dis ti?», preguntoume o Bocas. Dempois de pensalo un anaquiño, díxenlle:

— «Soméllame unha tolería. Ademais co ista chuvia... Polo tocantes a min, xa sabedes que non é por medo... Pro dígovos francamente que non creio neses contos de vellas e de tolos... Agora si queredes... Craro, que eu non vou poder co istas chancas ferradas e iste proído e door dos pés... Pro xa que se anda nestas cousas irei convosco como é obriga entre compañeiros».

As chatas que eu lle puña á súa determinación eran verdade e tiñan fundamento certo. Sentía os pés coma si os tivese esmiolados e doíanme até os altos das canelas. Pro cando se anda con compañeiros hai que facer o que fagan os máis ou deixar a súa compañía.

Conque saímos de embaixo da ponte e dempois de cruzar á carreira un descampado que alí hai, metímonos polo calexón que forma por un dos costados o muro do xardín dos Andradas. Fitei pra o alto e vin que por alí non podería agatuñar nin un mico.

— «¡Que condanado!», marmulou o Milhomes. «Fixo cortar a hedra e botoulle cal ás xuntas do muro... Cando nós viñemos non estaba eisí. Imos pegar a volta a ver si hai outro lugar por onde subir».

Arrodeamos o paredón, que dá alí unha volta, e a pouco andar vimos, coasi tapado por unha morea de terra de obra, un grande furado, arrente ó chao, que se metía polos alicerces do muro, coma si estivesen facendo unha mina. Non había alí ninguén traballando, sen dúbida por mor da chuvia. Dempois de cavilar un instantiño en qué sería aquilo, decatámonos que era pra meter as augas do canal novo, como estaban a facer noutras moitas casas, que disque agora a xente rica vai ter a fonte na súa casa , que eu non o crerei até que o vexa... Conque, anque nos iamos enfouzar de lama, pois estaba aquilo perdido, metímonos polo furado, e ás poucas pasadas vimos o ceio enriba de nós e as gallas duns arbres por outro furado que subía a pique.

— «Ponte ti eiquí», ordenou o Bocas, co aquela súa maneira de mandar, cando andaba nelas, que non ademitía outra resposta que obedecere. Acrequeñeime un pouco, e logo de botarme a manta por enriba das costas, subiuseme ós ombreiros até acadar a parte de enriba do furado sosténdose nos cóbados. Estivo un pouco axexando e baixou dun chouto, pra quedárese estantío, arrimado á parede e cos ollos fitos en nós.

— «¡Está eí! », tatexou moi asustado.

— «¿Quen, hom?»

— «A muller, a dona isa...»

— «¿Non volo decía eu?», argallou o Milhomes, coma pesaroso de que fora certo. «¿Pro víchela ben?»

— «[Sandiós, non somella cousa diste mundo! Quedei sen folgos...»

— «Déixate de coñas... Xa che teño vintecatro anos e pasoume o tempo de crer en bruxas».

— «... sandiós!», seguiu a falare, coma se non nos tivese ouvido. «Ponte eí; déixame vela outro pouco».

— «Daquela eu tamén quero ver o que é iso...»

Sacou o Aladio unha botella de augardente, que roubara no mesón e que traguía no peto da zamarra, e pegámoslle uns bos grolos pra nos animar. Logo apañamos uns paus que alí había e fúmolos espetando, a modo de apeas, na terra mol da parede, até facer coma uns banzos de escada. Eu saquei as chancas, amalloeinas pra colgalas do colo e subín o primeiro. O furado daba a un soutiño de camelias, tan escuro que as frores somellaban luciñas de coor. Naquil istante tiven medo, máis que a cousa diste mundo, pois non son eu dos que lle fuxen ás cousas diste mundo, a calisquera cousa que podía vir de non sei onde. As pingotadas da grosa chuvia de tronada daban na follax dos camelios cun bruído de redoblante. Non me quixen erguer até que non chegasen os outros, e aínda tiven gañas de baixar sen ter visto nada. Pro nesto chegaron e quedaron a par de min tumbados.

— «¿Que?», rosmei polo baixo, dándolle co cóbado ó Bocas.

— «Ollade por eí», e acenou pra un porteliño que había nunha sebe de buxos.

Eisi o fixemos... Aló na galería, que tiña unha das ventás erguidas, víase a máis belida muller que nen pintada eu tiña visto. Lucía mesmamente coma a Virxe do ceio, sen ofender a ninguén. Era branca, branca, co cabelo negro... Tiña os brazos núos, cheios de alfaias, botados pra fóra da fiestra, coma si quixera que se mollasen coa iauga de chuvia, e tiña posto un vestido, branco tamen e livián pra o tempo que facía, coma se non lle importara ren do frío. E polo meio da cabeza víñalle un manteliño ou un veo de coor azul, e os cabos dil saían pola fiestra e arrandeábanse co vento, e como a dona estaba tan queda, somellaban ser a única cousa que tiña vida de seu. Sorría, fitando pra onde nós estabamos, pro sen pestanexar, cos ollos mouros, grandes e moi abertos, que aínda puñan seu aquel de medo...

Nisto, ó traverso dos cristaes embazados, viuse vir pola galería un vulto de home, e acurruchámonos de novo sen deixar de fitare. Dapouco, chegouse á fiestra e púxose a par da señora un cabaleiro outo, moi fraco, de barba vermella e comprida, fardado cun capildó coma de crego ou de frade. Fumaba un longo puro e tiña ollos inquedos, espantados, coma de tolo. Albiscou pra o xardín e púxose a esbardallar nunhas falas que non se entendían, e cando baixaba a voce non deixaba de bulir cos beizos, fala que fala... Púxolle unha mau na cabeza á belida dona e acenou coa barba cara ó xardín coma si lle amosase algo, sen deixar de barballoar con falas que non tiñan fin e moi anoxadas, anque a fermosa dona non lle contestaba ren, nen deixaba de sorrir... Nunha destas pegou nela forte, colléndoa por un ombreiro, e botouna pra atrás dunha pancada, sen guindala, coma si a dona estivese sentada nalgo

con rodas. Logo asomou de novo, bulindo a falar, a falar, agora xa berrando, e púxose a ripar, a tirós, os pelos da barba, soplándoos logo da palma da mau, bafexando forte... E coa mesma, ceibou unha tremendísima gargallada, fixo un corte de mangas cara ó ceio e baixou a ventá dun saque tan forte que non sei como non se escachizaron os vidros.

A min todo aquilo apúxome tanto que coasi sen pór pé na apea, vinme no fondo do furado, co cu na lama e tramando coma si tivese perlesía. Os outros baixaron tamén máis ou menos, e todos tres sudabamos coma na porta dun forno. E sen falar verba, erguímonos, pegámoslle outro bo grolo á botella, e cando nos dispuñamos a liscar ouviuse un escopetazo e caíronnos enriba os retrincos das follas dos camelios...

—

— Si señor, todo isto é verdade e todo sucedeu tal como o deixo dito. Xúroo pola memoria do meu pai morto...

—

— Non señor, non teño appetite de comer nen de ren, nen estou canso. E ademais falando distas cousas, síntome aliviado do «pensamento», que todo o tempo que me tiveron no calabós do coartelillo, tívome bastante fodido, con premiso da súa cara, que nin me deixaba cavilar no que tiña pasado.

—

— Será coma vostede dispoña, con tal que me deixe agardar eiquí, que llo prego coma cousa de moita mercé. Se me devolven ó coartelillo, non sei qué vai pasare... Prefiro que me leven dunha vece á cadea. A un home mozo e de bo sangue, ninguén lle pode pór a mau no rosto da súa cara,

tendo as maus pexadas coas esposas, sen que senta degoiros de morrer naquil mesmo instante... Iso non é de homes, e non sei como hai homes cristiaos que llo fagan ós outros homes tamén cristiaos. Eisí que prégonlle de mercé...

—

— Deus llo pague, señor, Deus llo paguiño... E será como vostede dispoña... E até logo, si Deus quer...

Capítulo II

—
— ¿Pro por que, meu señor?

—
— ¿Incomunicado? ¿E iso que vén a sere?

—
— Por máis que eisi sexa, e eisi ten que sere, xa que vostede o di. ¿Pro que mal habería pra ninguén en que ela mesma me dese a comida que me trai?

—
— Por máis que eisi sexa. ¿Que pode facer a probe da vella? Xa que está eí... Somentes darlle unha aperta pra aosegala e pra que sepa que eu nada fixen de mao e que estou eiquí pra dectarare, e que ninguén me pode apoñer o que non fixen... Ademais quero saber da Raxada e mais do pequecho. Coido que un home ten dereito a saber dos seus.

—
— Non señor, que élle tan xorda que leve o diaño se non oucen o que falo sen se moveren de eiquí. E se cadra nen falamos ren, dempois de preguntarlle pola Raxada i o pequecho. A probe da vella xa fai anos que se cansou de me falar, ¡malia a hora que me botou ó mundo, que fora mellor

que me botase ó cortello dos marraus, perdoando! Agora xa non me fala. Óllame co aquelas bágoas caladas, que xa lle fixeron canles polas enrugadas, coma quen mira pra un que xa non ten remedio, que era mellor que me fendese a maldiciós... Agora somentes me di: «Acouga, meu fillo, acouga... ¿Cando vas acougar dunha vece, meu filliño?»

—

— Boeno, será coma vostede di, que deso das leises nada entendo nin falla que me fai... pro ogallá que o atope de indulxencias no ceio...

—

— Nada, señor, nada. Estaba a falare pra min. Disimule.

—

— Si señor... Pois como ía dicindo..., seguía chovendo a Deus dala...

—

— ¡Ai, señor, eso pareceralle a vostede...! Pro eu dígolle que a chuvia tivo moita da culpa... Si en troques daquel froallo apegadizo que topei ó saír de estar coa Raxada, e daquela chuvia mesta e sen trégoas que dempois se botou sóbor do mundo, que era coma andar por un pesadelo sen podere saír por ningures, moitas cousas que socederon non terían socedido, porque eu houbérame ido pra o meu traballo sen facer caso de ninguén. Doulle a miña palabra de home... Porque unha cousa é o que un pode facere co seu xornal, e outra moi diferente é sere lacazán e non saberse valer na vida ou querere pasala de papaleisón. Que eu son home de traballo

sábeo todo o mundo, que endexamais estou de folganza máis que cando non o hai. E góstame de vrau e de inverno, polo bo tempo e polo mau; que aínda lle digo que ises días de inverno seco até dá gosto meterse na tarefa. Vostede non o sabe, nen ten por qué sabelo, porque é home de pruma. Pro eu dígolle que, chegare meio tullido, tirar da chaqueta, chuspír nas maus e porse a mallar nos seixos pra facere o morrillo, até sentire que o sangue vai quecendo e lle vai subindo pola gorxa a gaña de botar unha cántiga... E non lle digo nada, cando vai chegando a raxeira do sol por enriba dos montes... ¡Boeno, agora xa se fodeu todo!

Conque, como ía dicindo, fomos a parare xunto ó caño grande da Burga¹. Cun caixón que aló atopamos, fixemos un lume de pitelos pra secármonos e tamén pra asare un anaco de zorza de raxo, que o Milhomes pillara no mesón da tía Esquilacha, porque ise tamén...

Eles diron conta do augardente que quedaba, e dempois de manxar voltaron a topeñaren outro sonete, que eu non sei como fai algunha xente que pode adormentarse cando lle peta... Eu púxenme a pensar, a pensar, coma fago decote cando non teño o «pensamento». Porque o «pensamento» é cousa moi difrente do pensar. Cando penso, goberno eu; pro cando se me mete o «pensamento» vólcome outro, mesmamente coma si non fora eu... Pensei na Raxada que tería ido, con toda aquela auga de Deus, a levarme o xantar ás obras, tal cómo quedaramos, como facía decote, tan leda e sorrinte cando estabamos a ben, e no bo tempo traguía tamén ó rapaz e axuntabámonos alí, ó pé duns érbedos... E pensei tamén en como tería sido meu pai, o que non conecín e polo que dil decían non se perdera moito; e pensei no meu irmao que nunca se soupo dil e que endexamais voltara de

1. Fontes e lavadoiros termaes públicos de Auria.

por eí adiante, e na miña irmaciña, co aqués males que lle daban e aquel quedárese descorada e rixa horas inteiras, que foi mellor que Deus a levara, que disque todo lle viñera da doenza que meu pai trouxo de cando andivera de varrendeiro, en Cádiz, sendo mozo... E pensei despois noutras cousas, nas que xa pasaran e nas que tiñan que pasare; porque eso é o amolado que eu teño, o porme a pensar, a pensar, non só no que socedeu senón no que pode soceder, que o vexo coma si xa tivera pasado... Se non pensara, decíame eu pra o meu chaleque, sería coma ises, que están eí emborcillados, a topeñar, co coalleiro cheo de comida e de bebida, adormentándose igoal que nenos entre unha tarabelada e outra. Pro o fodido é que eu penso pasando das cousas que son ás que non son, e dunhas noutras sempre chego á morte, e entón xa non penso máis, porque ó chegar a tal intre venme O «pensamento» que xa non é o ir pasándolle a un pola cachola as cousas, unha a unha cos seus nomes, coas súas caras... O «pensamento» é coma se pensase todo xunto, con todo o corpo, e todo me vén tan embrullado e témero que si durara moito non tería máis remedio que morrer... Cando me vén moi estremoso, é coma se algo fose medrando dentro de min, sen ser eu, e coma se me fosen a estalar os pulsos, i échese o peito dunha forza tal coma si se me fora a esfrangullar dun esboiro... Pro outras vegadas vénme manseliño, agarimoso, coma cando un está canso e se bota a dormir e escomenza a afundirse, a afundirse..., que é cando máis medo me pon, e ás veces acordo de sócato, porque teño cavilado que este mergullamento tan manseliño non pode parar máis que na morte... E ó mellor é a morte que anda degorante de min pra me levar a par de si sen doenza, coma quen se durme... Moitas veces doume ó viño por me librar de iso, anque non ande de esmorga. O viño é o único que me ceiba do

«pensamento», que me desamargulla diste deixarme ir afundíndome pra dentro, que non pode parar máis que na morte... non sei se vosté me entende, pro agora xa o sabe.

—

— A eso ía, meu señor; pro non podía seguir se non me libraba do que deixo dito, que ha servire pra entendérmonos noutras cousas que penso decir...

Conque seguía a caír aquela chuvia acoriscada que facía máis mesto o bafo a se soerguer da auga quente do lavadoiro grande da Burga, e o aer viña avolto co cheiro a bravú da roupa e do xabón, e tamén do esterco que, con premiso da súa cara, baleiraban as tripeiras ó limpar os callas na pía de embaixo, onde tamén despenaban os pitos e as galiñas. Aló estaban, as probes, cobertas cos sabelos por enriba da cabeza, entre a friaxe do tempo e a iauga fervendo, coas guedellas escurripándolle a chuvia polo pescozo, limpando os pitos pra o señorío [Probiñas! E algunhas até cantaban. «[La perra vida del trabajador!», como di o Serantes...

Cando acordaron aqueles marraus, quíxenos convencer que o mellor sería liscarnos cada un pra a súa casa. Pro non quixeron. Decindo a verdade, eu tampouco tiña moitas gañas. Falouse do que se faría, i eu dixen de irmos a comer de taberna. Ollaron un pra o outro, cun aquel de misterio, que non sei a qué viña... E foi nestas cando o Milhomes dixo que il sabía onde poderíamos pasar unha tarde baril, ó quente e con boa bebedela, somentes que non había que ir de baleiro e que si lle dabamos cartos il iría á praza a percurar algúns adubíos pra xantar. Deullas o Bocas, que andaba moi rumbo; e sen máis, o Milhomes botou a manta por enriba da testa e foise pola chuvia, refucindo os pantalós e pegando choutiños paveros, co aquel seu andar de perdís.

Non tardou en voltar cun fardel cheio de cousas... O Bocas xa debía saber a onde nos encamiñabamos, porque non lle preguntou nada cando botamos a andar cara ós pasales do río. Polo camiño foime dicindo o Milhomes que iamos cabo dun parente alquitareiro que estaba traballando no bagazo dos señores do Castelo, e que o pasaríamos de moita hostia naquela bodega, ó pé do lume, bebendo canto nos petase do augardente que estaba a destilar. Eu aínda que rosmei protestando de que era moi lonxe e que chegaríamos mollados coma pitos, o certo era que o día estaba propio pra metérmonos nun abrigo, por máis que nos dise traballo chegar; anque víase ben que aquiles, sen sabérese por qué, fuxían principalmente de entrare na vila ou polo menos de ire a lugares onde decote faciamos as nosas parrandas, coma si non quixesen ser albiscados pola xente conecida.

Tivemos que pasar o Barbaña moi a modo, pois viña cheio coa enxurrada; os pasales estaban coasi arrentes do cachón das augas, pro a Ponte dos Pelamios quedaba lonxe. Collimos o camiño, atallando polo Saltodocán, costa arriba. A min doíanme os pés tan estremosamente que finei por sacar o raio das chancas. Os outros corrían diante de min, tapados coa manta, sen dárenme folgos . De cando en cando ceibaban un aturuxo, ou botaban unha risada ou un xuramento ó dar unha cotenada descontra as pedras da vereas.

Ó paso que iamos subindo, a auga viña máis fera e dura nas rachas do nordeste; collíame o corpo coma se chovese de costado, zorregábame na face até facerme doer e metíaseme por embaixo da roupa mollándome o corpo coma si na levase. A terra dos eidos estaba enchoupada, cos regos dos labrantíos coasi asolagados, e cando nos metiamos polos fondos pra atallar, afundíansenos os pés hastra as canelas.

Ó fin chegamos ó souto da cima, onde estaba o grande pazo dos señores do Castelo, e parámonos no resío a coller folgos, apegados ó muro dafora, ó pé dun soutiño de alcipreses, que leve o demo o que acollían. Estabamos tan mollados que non había maneira de armar un cigarro. Os librillos quedaran feitos un valume, coa goma apegada, e a iauga entráranos até as petacas. A min escomenzaron de me vir uns arrepiós que non sabía si eran de door, de fame ou de callentura, e sentía os encetamentos dos sabañós coma si me cofeasen os pés con vidros.

— «¿Que se fai eiquí?», dixo Xanciño o Bocas de tal modo, sacudindo a zamarra.

— «O meu parente non está avisado», falou o Milhomes. «Pro é o mesmo. Vinde comigo».

Andivemos unhas pasadas e entramos polo portelo da horta.

— «Acollédevos naquel alpendre mentres eu vou a falarlle».

Entramos moi a modo, pasando por tras uns carros, pra que non nos visen dende a casa que estaba ó outro lado dun curro grandeiro coma unha praza, con pendellos a carón cheios de aperos de labranza. Víase que era casa de moita fartura. Nos baraústes dos corredores, patís e galeirías que daban ó curro, penduraban, ensarilladas e mestas, coma un pano amarelo e corrido, as espigas do millo brillantes coa chuvia.

O Milhomes, a pouco desto, acenounos dende unha porta e aló fumos. Tras da porta estaba o parente agardándonos, cunha cara de larchán e furabolos que non podía coela. Estaba roxo pola vecindade do lume e tiña os ollos ledos e achispados. En canto se botou a falare deprocateime que era un meu conecido, chamado o Pega, ó que non vía facía moito tempo.

Non era da vila, pro andiveramos xuntos nas romaxes do Santiago das Caldas e de Santa Ana, habería uns tres ou catro anos.

Era un daqueles rapaces do planalto de Gustei, que son moi farrias, e que soen andar en ruadas e fiadeiras a mor parte do inverno e dunha noutra romaría todo o vrau. Estivera na vila moi de rapaz adeprendendo un oficio, de non sei qué, e todo o que adeprendera foran as manganchas i aduanadas dos bos plepas de Auria; pois os da aldeia, cando se espilitan, sáenlle aínda máis pándigos do que nós... Cando il mo fixo lembrar, tamén me acordei que nos tiñamos visto outra volta en Tui, que estaba eu facendo o servicio do rei. Il andaba cunha roda de afiar e unha baraxa, entre feirantes, moinantes, capadores e carteiristas, todos de Moura ou por alá, e todos boa xentiña, que pasaban dun a outro oficio asegun se dise o caso, listos coma centellas, eso si, que andaban por alá á caza de portugueses que viñan moitos a Tui, co gallo das festas patronaes. Tamén me dixo que, como agora xa andaba nos vinte e cinco anos, sentara cabeza, vindo a mor seriedade, pois o seu pai estaba eivado e il tiña que andar agora co trato do alambique, que era oficio serio.

A bodega víase que era de casa moi ricaz e abundosa, que había de todo pra beber e manxar: chourizos, xamós; grandes touciños inteiros decolgados do teito, que non sei como ó Milhomes se lle ocorreu tragar nada, coma non fose por comprido... Arrente ás paredes había uns grandes bocois que coasimenes acadaban as trabes do teito co seu altor.

Conque a Pega foi e escomenzou por darnos, nunhas cunquiñas brancas, desas do viño novo, daquil augardente acabado de facer, que era un ben de Deus sentilo escorrentando tépedo polo gargueiro que coase nen se sentía, tal coma si fose un xarope doce e quenteño.

O Bocas, desde chegamos, quedárase calado e caviloso sen meterse no que se falaba, sen xiquer dar as gracias ou facer louvanza da bebida. Arrecuncaba da augardente sen ceibar verba, somentes estendendo a cunquiña pra o alquitareiro, coma si a bebida fose de pago e tivesen que darlla por obriga, que a min hastra me daba lacha aquela maneira de procedere. Dende a mañá dábanlle aqueles intres de silenzo rabuxento, que nin se lle podía perguntar o que lle pasaba, pois aínda que era meio túzaro do seu natural, cando andabamos de esmorga amosábase trouleiro e bastante argallán, e aqués arruzamentos durábanlle pouco.

Á terceira cunca que baleirou, coasi que sen pillar alento, avermellóuselle a face e brilláronlle os ollos que os tiña gazos, moi francos e belidos, coma de neno, anque algo afuscados polas perfebas, que decote as aguichaba coma se non vise ben, e polo sobrecello moi mesto i escuro... Conque, eisí coma espertando dun sono, voltouse pra min e coma seguindo unha conversa xa escomenzada díxome:

— «... pois eu volvo a decir que era unha muller de moito sandiós... □Non se me vai da idea, me caso no carano! ¿Que dis ti, Castizo?»

O Milhomes, que andaba por alí fuchicando, quedouse quedo, mentres o outro falaba, e logo dixo, coma pra esviar o conto, falando pra o alquitareiro:

— «¿E il non virá alguén por eiquí que te compremeta?»

— «Podedes estar ó voso lecer e ben tranquíós... Non hai ninguén con mando no pazo e temos a casa por nosa deica a noite... Os señores andan na cibdá, polo gallo da nai da señora

que está moi doente, que até disque non pasará distes días. E don Marcial foise moi cedo dacabalo, pra a parte de Piñor, por mor dunhas rendas...»

— «¿E quen é don Marcial?»

— «O Saltapalletas, ou sexa o adeministrador. □Ten máis mal xenio que o diaño que o fixo!»

— «¿I a outra xente da casa?»

— «Pois co iste tempo, e sen o Saltapalletas eiquí están apegados á lareira, bebendo e roendo, que eiquí ninguén llo tasa. □Casa farta coma esta...! O que si, estalles privado entraren na bodega. □Teñen armado cada unha! Contoume meu pai, pra me precavere, que unha Noiteboa, que os señores fóranse pra a vila, a pasala cos parentes, fixeron unha desas que arden nun candil... Dempois de fartárense coma marraus, fóra a ialma, e de beberen até trousalo, meteuse o demo nils e fardáronse de pés a cabeza coa roupa dos donos, e moi metidos en paletós e polisós fóronse a bailar ribeiranas na saa dos espellos, coa Fuca e mais o Berzas, que son os criados máis vellos, sentados no estrado faguendo de señores que polo visto estaban bébedos coma dous dises vedraños tolos que poñen nas follateiras² e disque que ó outro día non se acordaban de nada. Cando chegaron os donos, ó mediar a mañá, parés que había un grande estropicio, e moitos aínda estaban a dormir a rolla onde os collera o sono, até nos leitos dos amos e dos nenos, que parés que foi o que máis os encabuxou... E anque os señores son bos coma o pan, botáronos a todos, non sendo os vellos. Da mozarria dos criados non quedou ninguén, anque pediron perdón e meteron moitos empeños... E hastra disque

2. Festa popular de Auria.

dúas rapazas de Rairo, que estaban a xornal pra a costura, resultaron logo preñadas, anque a xente fala moito... Pro o caso é que dende aquela, ninguén pode chegarse á bodega sen licencia, e moito menos estando o alquitareiro, pois polo visto naquil tempo, cando se andaba na estila, co gallo de viren a probar o augardente papaban cada pítima que...»

O Pega era moi garuleiro, e cando se metía na leria esbardallaba sen darse acougo nen pra remudar os azos. Eu nin tiña mentes de lle responder e, polo que se vía, os outros tamén o deixaban palicar sen darlle moito creto ó que decía.

O Bocas estaba engruñado ó pé do lume, a par de min. Estabamos moi cansos e coa roupa apegada ás carnes coma un coiro que se ía encollendo e que nos facía proer o corpo. O Milhomes, decote coma si tal cousa, andaba bulindo, a canturriar, e falando de preparar a comida, porque aquí decote tiña que estar facendo algo. Ó baleirar o fardel onde traguía as cousas, rolaron uns pesos, oito ou dez, pola tapa da artesa onde estaba a traxinar, e púxose moi coorado.

— «¿De onde che saíron ises cartos?», preguntou o Bocas, erguendo o sobrecello.

— «[Ai, non che sei!», contestou o Milhomes, coa súa vociña mansela e cheia de falsía . «Debéronse de caír dentro da saqueta á tía Delfina cando lle merquei o xamón, eisi Deus me dea, que é moi estraída . [Vaia que ser, probiña! [Como se porá cando os bote de menos!» E, coa mesma, ceibou a súa risiña polo narís. Os outros riron tamén, decatándose do calote. Pro eu non me rin, porque un será o que sexa, pro a min nunca me fixeron rir os caloteiros; que unha cousa é ser esmorguista e outra moi difrente ser ladrón, anque algúns

fan adrede coma que se trabucan e apóñenlle ó estar bébedos, ou andar de bebedeira, anque naquíl instante non o estean, as cousas da mala pezoña que teñen decote na ialma...

Eu puxérame a esberrar facía un bo anaco, coma si me estivera vindo un costipado, e foi eiquí cando dixo o Milhomes:

— «Sacade a roupa e poñédea a secar. Se vos quedades co ela posta aínda vades a coller unha pulmoeira con tanta auga coma vos caíu enriba». E decindo esto, xa se puxo a riparlle a zamarra ó Bocas, que o botou de si dun arrepuxón.

— «Non lle falla razón», engadiu o Pega. «Podedes acomodarovs coma vos dea a gaña, que xa vos dixen que eiquí non entra ninguén».

De alí a pouco o Bocas foi quitando as prendas até quedar en cirolas. Logo deixounas caír tamén e púxose a desamalloar as barazas das botinas; e, ó remate, quedou tan encoiro coma o pariran.

— «E ti vaste a ispir tamén», dixo con voce de ameaza pra o Milhomes, namentres botaba a roupa de mal modo no lombo da alquitara. Tiña o corpo branco e rexo, coas carnes musgosas apegadas ós ósos, e somellaba moito máis forte que vestido. No peito víaselle unha ferida pouco fonda, coma un arrabuñado, que ía dar ó ombreiro. Púxose a raspiñar o coallo do sangue, pois víase que era ferida nova, co canto da uña até que lle volveu a sangrar. Logo pillou unha pouca de cinza e bismouse co ela meténdoa polos beizos da riscadela, que até arrepiaba verlle facer aquilo sen pestanexar, coma si andivese fozando en carne allea.

— «¿E logo que foi eso, hom?», pergunteille.

— «Son as gracias diste», saltou o Milhomes. «Gústalle meterse, e veleí tes...»

— «¿Vas calar o pico, merdán?», berrou o Bocas índose pra il.

O outro botouse a correr pra agacharse tras dun bocoi, e Xanciño dixo falando pra nós:

— «Non foi ren... Tiven unhas palabras co Balbino o Cebola e sacou unha navalla. □Unha navalla pra min! Tamén levou que contar... Eu a mau limpa o que se queira, pro non aturo arma branca diante dos ollos... Non me agoanto...»

O Pega quedouse escoitando, sen ollar pra il, e logo preguntou, con voce inqueda, coma dándolle moito aquel, ó que decía:

— «¿Foi onte á noite, na taberna do Chaguazoso?»

— «Si, ¿por que?», respondeu o Bocas fitándoo con moita sospeita.

O Pega non respondeu, anque o outro asegundoulle a preguntar, pois viuse que algo lle quedaba adentro sen decir. Logo botouse a falar de que cando escamparía, que cómo iamos a facer pra írmonos, que non conviña que nos pillase aló a noite, e outras cousas polo estilo e sen vir ó caso, co que amosaba estar inqueda connosco alí, dempois do que contara Xan.

Eu sentía a condanada da roupa tan apegada ó corpo que me proía coma si estivese inzada de piollos. E total, como estabamos entre homes, finei tamén por me dispir e pór a roupa perto do lume. Naquela voltou o Milhomes tamén meio

núo. Co aquela disposición con que o facía todo, pillou por alí un adival e púxose a estender a roupa de todos ben estarricada. De medio corpo pra embaixo fixera cuns facotexos unha mandileta que o tapaba por diante e que deixaba ó descuberto as nádegas grosas, tremantes e cheias de fochiños coma as dos nenos. Tiña a pele brancuxenta e cheia de mazaduras dos golpes que se diran, e as carnes arrondeadas e seguidas polos bacíos e polas costas coma se fora de manteiga e non tivese tendós como temos os demais homes. No peito, sen migalla de peluxe, abambeábanlle as tetelas cando se movía, leve o demo, coma se fora unha muller. Ó Pega veulle un pronto de risa, ó velo eisí, que coidei que afogaba, i eu ferreille, ó pasar, unha chapada no cu que estalou coma un foguete.

— «¡Vaia, caraja!» Alporizou o Milhomes. «¡As maus quedas, eh! E ti, a ver se deixas de rir que non son ningún antroído». E coa mesma, seguiu a aduanar por alí cos porparativos do xantar, canturriando polo narís e abambeando os cadrís o camiñar, que xa non se sabía si era cousa de noxo ou de risa.

O Bocas dempois de tere andado un pouco deiquí para aló estarricándose, voltou a acrequeñarse cabo de min e quedou coa vista fita no lume un bo anaco, sen pestanexar.

— «¿E logo que tes, home, que te vexo moi caviloso? Ise non é o teu xenio cando se anda de esmorga. Algo che pasa...»

— «Éche moito caso o daquela muller», rosmou polo baixo, coma falando pra si. O Milhomes andaba coa orella tesa vendo de pescar o que palicabamos.

— «Pois tampouco a min se me vai dos miolos. Si que é moito caso...»

— «¡Boeno, coña!», meteuse o Milhomes; «¡pois vaia que sere! A ver si agora resulta certo que hai feitizos coma nos contos das vellas». E coa mesma seguiu a bater uns ovos nunha barreña.

— «¿De que muller falades, se se pode sabere?», preguntou o Pega. Ollámonos os tres e non respondimos ren, coma si estivesemos de acordo nun segredo. O outro preguntou de novo e contestoulle o Milhomes, sen lle dar importancia:

— «¡Boh, cousas distes, que teñen o viño fantesioso! Cando pescan unha tranca logo coidan que foi verdade todo canto viron. Non lles deas creto... ¿Onde tes as cebolas?»

A chuvia seguía a Deus dala e sentíase a enxurrada baixando dos altos do souto a escacharse descontra os bacelos do hortal e a rolar polos carreiros trocados en regatos. Eu emborqueei os pés na cinza pra me librar daquela mestura de door e proído que non se podía aturar, e quedeime máis aloleado. O tempo seguía con aer de tronada, anque cambeando a norde; puñérase tan fusco que tivemos que alcender un quinqué, pois somellaba xa ter vido a noite. ¡Que ben se estaba alí, naquela morneza ó pé do lume, co aquel augardente amorosiño, que eu bebía dapouco pra sentire o gosto de bebelo con todo o xuízo, namentres afora bruaba o vento nos cantos do casal e ripáballe as ponlas a unhas silveiras que se vían pola ventá que daba ó xardín do pazo...! Se non fora polo arrecendo da comida, que estaba porparando o Milhomes, até gosto me daría irme quedando adormentado, eisé como estaba, núo, coa fronte pousada nos xoenllos, sentindo asubiar os mollos no lume do alambique, ceibe do «pensamento»...

Comimos coma abades e bebimos a nos fartar do mellor da cosecha vella que o Pega ía traendo nunha canada, dun pipote, que era o dos señores. Baleirariamos unha boa media ducia de

canadas, coasi sen sentilo non só porque manxamos moitismo, senón porque tiña un labio soave e grosa ó mesmo tempo, e non era coma ese viño novo chirlán que se bebe coma graciosa e un nunca se ve cheio. Logo voltamos ó augardente, anque esta vece queimado con zucre moreno... [Que ben se estaba, sandiós, na morneza daquela farta bodega, que hastra daba preguiza o porse a pensar que aquilo finiría de alí a pouco e que un tería que saír e apandar outra vegada coa chuvia, co vento, coas cousas do mundo cabrón...!

Namentras eu cavilaba os outros cantaron, bailaron e pintaron a rabia facendo cantas tolerías se lles ocorreu. O Milhomes botouse por enriba unhas ristras de allos, a modo de acolares, e imitou ás lerchas do café cantante, abalando as illargas mesmamente coma unha puta, con premiso da súa cara. O Pega e mais o Bocas botaron co il uns agarrados, e cada vegada que o Bocas lle sacaba ó outro a «parexa», facíao de tan mal modo coma si o tentase a pelexar. Eu non quixen meterme naquelo porque me estoxaba o andaren eisí uns homes cos outros. O Milhomes facía bulra de min chamándome cativo, e aínda tentou queimarme, cun guizo que pillou do lume, en salva sea la parte, i eu todo llo agoantei ate que foi e dixo:

— «[Mirade o que ten eí o condanado, que somella a do burro do Cerralleiras! Non sei como cho atura a Raxada...». Que foi nestas cando perdín o tino e peguei nil de tan mal xenio que por pouco o boto ó lume coasi sen me dare conta das pancadas con que os outros me mallaban pra que o ceibase. A todo esto, o Milhomes chiaba coma un marrau no cepo, pro non se sabía si os berros eran gradosos ou de queixa, pois tanto somellaban láidos coma risadas i eso foi o que máis me acirrou, e dáballa canto podía, i eu non son dos que cando se poñen a bater dan de baleiro... Nunha desas

que me asopararon, coma estaba moi asañado e quería seguir zorregándolle, o Pega guindoume enriba unha canada cheia de viño pra me asosegar, e asosegoume. Pro dempois o Bocas quería pelexar comigo e eu tamén lle andaba con gañas. Conque en canto nos agarramos, o Pega púxose a xurar a berros, maneando pra min un estadullo. O Milhomes chiaba que fendía os ouvidos, e nós, cos corpos en demasía afroxados pola bebida pra nos seguir batendo, escomenzamos de tirarnos cousas, todo canto tiñamos a mau, os pratos, as potas da comida, os vasos... Eu, coma o Bocas me guindou cun tallo , pois fun e zorregueille co quinqué, con tan mala sorte que se escachou descontra a parede e pegou lume nuns feixes de palla e de leña que aló había pra alimentare o alambique. O lume estendeuse de contado, e cando estabamos tentando de apagalo, asomou un rapaz pola fiestra e dixo:

— «¡Chegou Saltapalletas!» E coa mesma foise berrando polo curro: «¡Lume, lume, lume!»

Apañamos a roupa coma poidemos, e aínda non tiñamos metidos os pantalós, cando apareceu na porta un cabaleiro de polainas cun vergallo na mau. Recuamos e sortimos pola fiestra baixa que daba ó camiño. Eisí, meio ispidos coma estabamos, botamos a alandillar pola encosta do monte e non paramos até o souto dos castiñeiros onde rematamos de vestirnos, baixando logo coasi a rebollós até darmos na carreteira nova. Alí tomamos folgos, descansando un bo anaco. Logo, pegando un arrodeo, fomos parar ós arrabaldos do Posío, cerca da ponte da Burga. Ó pasar logo polo petril, estaba unha grea de xente fitando pra o lonxe. Parara supetamente de chover e viña un vento do norde que varría con todo. Un dos que pasaban ía decindo:

— «Pegou lume no pazo do Castelo... [Arde coma escal!»

Capítulo III

— Non, señor, non. Non teño máis nen menos vountade de falar da que tiña onte... O que pasa é que agora cúmpreme remoer ben as cousas antes de as decir. Estiven remoéndoas a noite inteira, que leve o díaño o que dormín, pro as condanadas ensaríllanse todas, en rolda polos miolos i a cabalo unhas das outras, que xa nen sei as que foron antes e as que foron dempois, que hastra me somella que tantas cousas non poideron tere pasado nunha noite, coma cando un soña, que somellan non teren fin e pasan nun instante... Porque eu dígolle que o que pasou nesa noite é coma si pasase nunha chea de noites apegadas unhas ás outras, sen día no meio, ou eisi coma xa dixen denantes... De tal modo que non sei como escomenzare.

— Está ben, si señor... Pois os feitos é que estabamos aparvados de cansacio e de bebida e non sabiamos pra onde coller, pois as cousas fóranse pondo de mal en pior, e púñanos medo írmonos a meter onde houbese xente conecida, i a nós coneciannos en todos os sitios onde quixeramos ire...

O tempo cambiara outra vegada pra frío. Nos arrabaldos non se vía alma viva...

As casas de pallabarro somellaban ire a derrubarse amolecidas, i os refachos do vento arremuiñado do norde, que viña como pra tempo de neve, esborrifaban no áer os fios da auga que aínda se desbrocaban no meio da rúa dende as canles das tellas.

Ó pasar pola Porta de Aire, adevecimos de envexa ollando pra as tabernas cheias de xente, pro non nos estrevimos a entrare. O Bocas era o que máis se coidaba de que non o visen, e ía, azorrado e múo, ás alancadas sen decirnos pra onde. Na fonte de San Cosme bebimos a morro uns grandes grolos da auga da pía, que nos fixo baleirar, de alí a pouco, todo canto tiñamos dentro. Todos tres, con premiso da súa cara, trouamos coma cas, fóra a ialma, e co iso fóisenos indo a pesadeza i escomenzamos a nos poñer ledos coma rapaces, sen sabere por qué... Ó lonxe víase no ceio un tramo aceso polo lume do pazo, e cada un ollaba pra aquel costado do áer cando coidaba que os outros non o vían. Pro non nos dixemos ren, coma se non tivesemos que ver co aquilo... Eu ía cavilando que o lume se fixera grande de tan sócato porque pegaría na leñeira que estaba a par da bodega, que eu ben a vin cando o alquitareiro ía buscar os mollos pra o lume...

Conque fumos parar á Ferreiría, onde nos metimos nun portal pra determiñarmos o que teriamos que facer, pois non era cousa de andar daquil xeito toda a noite e máis co frío que se viña.

— «¿Cantos cartos tedes?», preguntou Xanciño. Eu non tiña coasi ren pois déralle todo o xornal á Raxada.

— «Eu teño dez pesos, e vámoslos a foder todos esta noite», dixo fonchoso, o Milhomes.

— «A min quédanme catro ou cinco... Pro témola que seguir, que sobran de abondo», argallou o Bocas.

— «Eu voume pra a miña casa, pra a casa da miña nai», respondinlles; que esa era a verdade, pois eu non tiña mentes de seguir facendo falcatruadas , que bastantes tiñamos feitas.

— «[Seica estás tolo! Cos líos que temos armado, onde pirmeiro te buscarán será na casa da Raxada ou na da túa nai. [Pensas que son parvos!», dixo o Bocas. «Ímola a seguir, e mañá será outro día».

— «A min nada teñen que me apoñer nen por qué precurarme, que eu nada fixen nen me metín con ningún».

— «¿E quen guindou o quinqué que puxo lume no pazo?».

— «Esvaroume da mau... Non o fixen adrede. ¿Que sabía eu que ía estoupar daquil xeito, coma si fose unha bomba, nen que culpa teño eu de que a leñeira estivese alí tan de perto? [Vaia, coño...!».

Aínda disputamos un pouco sóbor de istas cousas, pro como non levantabamos a voce era coma se non disputasemos, que todo o que falabamos era besbexando pra que non nos ouvisen. Conque dempois de me decire, un e outro, que tan lixados estabamos uns como os outros, dispuxemos írmonos de putas, con licencia, anque ó Milhomes non lle fixo moito aquel a idea, e puxo coma condición que non fosemos á casa da Nonó senón á da Monfortina, non sei por qué...

Pro na casa da Monfortina non nos quixeron ademitir, porque disque tiñan uns viaxantes forasteiros de moito rumbo, que colleran a casa por súa e mandaran fechar a porta a todo gasto pra quedárense todos a eito, de dormida... Isto foi o que

nos dixo a Cupatrás, coa meia porta de enriba aberta e a de embaixo fechada, coma pra darnos a entender que non nos abriría. E asomouse pra contestar porque coneceu a voce de Xanciño, que lle tiña moito aprecio, pois o Bocas era home moi gabado polas churrianas, asegún era sona. A Cupatrás quedouse debruzada, coma pra palicare un instantiño connosco.

— «Santísima Virxe, que non sei como vos aventurades a andar nesa disposición e co iste tempiño... Se non tiveramos istes fletes, que son moi amigos da Monfortina...»

— «¿Que fas aí?», marmulou, por tras de ela, a Piolla, asomando os fuciños lardosos de comellona i o narís de borracha.

— «¡Mira, que antroido de homes! Veñen co Xanciño, o Bocas...»

— «Veñan con quen veñan, fecha esa porta... Hoxe non é día pra ista cras de fletes . Fecha e acabouse a conversa», dixo de moi mal xeito a Piolla, que é a encargada da Monfortina, como vostede sabe...

—

— Vosté dispense que non quixen ofendere, pro eiquí sábello todo o mundo, aínda as persoas decentes, que están tan ó cabo do que pasa nas casas das putas, con licencia, coma si tamén foran decentes, que nistes pobos pequenos...

—

— Si, señor, si. Conque seguindo o conto, o Bocas díxolle que non fose besta que pra decire o que tiña que decire non había que aldraxar á xente. Pro a Piolla, que é moi arriscada, fíxolle frente, e sacou o corpo, toda moura e fuciñuda como é, con pelos no bigote, poñéndose a berrar:

— «Fóra de eí, lacazás, perdularios, ou saio coa tranca! ¿Que vos pensades, que non son home pra vós?» E voltouse a meter pra esguellar un arrabuñazo que lle tirou o Milhomes.

— «Ídevos», dixo de mellor modo a Cupatrás, «que eí veñen os faroleiros co municipal».

— «¿E que temos nós que vere cos faroleiros e co municipal?», díxenlle eu disimulando, e tamén pra sabere si algo tiñan no papo sóbor dos outros, que eu andaba coa miña sospeita de que algo habería...

— «Ai, que condenados!», berraba a Piolla. «Fecha esa porta, Cupatrás! Malia quen eiquí os encamiñou, que aínda nos van meter nun compremiso! ¿Pra que abriches, cadela! Sae de eí...»

— «Pois agora éntrase por collós!», esbardallou o Bocas, metendo o cóbado por entre as follas e pegándolle cos xoennlos á parte de embaixo.

— «Fuxide de eí maricós, galicosos, ou vades a parar todos á ispeición...!»

Eu ripei co Bocas para un costado e díxenlle á Piolla con moito sosego, pra que non se ouvisen os berros namentres non pasaban os faroleiros, que xa viñan perto:

— «Non te poñas eisí, muller... hai que vir a razóns... Somos homes mozos que andamos de esmorga, con bos cartos no peto pra gastare... E non vén ó caso, si tes a casa ocupada, que te poñas a falar de municipás e da ispeición, que non somos xente de afora nin carteiristas...»

— «¿Anda, coña, faite de novas ti tamén! Ben te conezo, que eres o da Raxada... ¿pro pra que andas co ises? ¿E logo non sabes que ise —dixo acenando pra o Bocas— deixou onte un home por morto na taberna do Chaguazoso? ¿Non sabes, non? Non me fagas falar...»

Aporveitando o quedarmonos sin aición ó ouvir somellante cousa, fecharon dun golpe a porta e botaron a tranca. E nestas, comenzaron a ferrarnos botellazos dende o piso de enriba e vimos que chegaba, con grande troupeleo das zamancas nas lousas da rúa, Fermín, o faroleiro vello, acenando pra nós coa estopa do lume enriba do chuzo, tan metido na grande corozza que semellaba unha pantasma do outro mundo. Detrás, perdendo os folgos, viña un municipal, que pola estatura debía sere o Sardiña, que viña tamén correndo, casi a canchapernas, coma fai decote por mor dos xoanetes, que hastra os rapaces o tentan pra velo correre eisí.

— «¿A ises, a ises!», viñan berrando coma demoros, sen dúbida chamados polo estrondo dos botellazos, pois denantes non nos tiñan visto. As fiestras das casas veciñas, xa afeitadas a aquelas funciós, abríanse de golpe, e a María dos Acidentes, que vivía nunha casoupa medio derrubada, parede por meio coa da Monfortina, saíu coberta cunha sabán, chiando coma un vencello...

— «Valede eiquí, veciños, que me matan...! □Ausilio! □Auuusilio!» As putas pagábanlle ou dábanlle mantenza pra que as axudase, cos seus brados de tola, a tornar da porta ós homes que non lles conviñan cando se puñan rufos en demasía, i a condanada facía moi ben aquela titiritada.

Sáímos alandillando porque xa o Fermín e o Sardiña se nos viñan enriba. Ó chegar ó calexón da Pena Vixía, o Bocas ordeou:

— «Temos que nos asoparar. Se nos ven ós tres xuntos, vanse deprocatar que somos nós. Liscade cada un pola súa beira. Dentro dun instantiño, xuntámonos na casa da Nonó. Entrade, sen petar, pola porta da Santísima Trinidad, pola parte de atrás, que vai dare á cociña... E non vos demoredes...».

Eisí o fixemos, e de alí a pouco estabamos xuntos de novo... Aínda agora me pregunto por qué non aporveitei aquel intre pra me asoparar de somellantes... e máis sabendo o que xa sabía.

—

— Pode que sexa coma vosté di, porque un nunca se ve tal e como é de certo... □E cando as cousas están de Deus...! O que pensei dimpois púdeno pensar entón, pro o certo é que non o pensei, eisí me parta un raio eiquí mesmo. Bueno, agora xa foi marica non chores. Total, todo se foi pra o carano...

Conque na casa da Nonó ademetíronnos de contado porque eu tiña bo creto e tamén porque o Xanciño era meio querindallo da Lola, a Viguesa, que facía de encargada, e que disque estaba moi namorada dil. A Viguesa, coma vostede sabe... ou mellor dito, coma sabe eiquí todo o mundo, é a mellor das que ten a Nonó, que son catro ou cinco; e se non tivese

aquel arroallo e aquel botar por ela de madamita, podería estar ocupada noite e día, pos é «das que camelan», como di Almería, o mozo do Mendenúñez. Pro cando lle peta de tere a simpatía pra alguén, resulta tan xeitosa, amais de belida, que ten que sere verdade o que dela din, que disque é moi boa xente, e que se non está na casa da Zorrita, que, como vostede sabe, son de a peso e non de a seis reás, como as da Nonó, é porque non quere. Ademais din que lle gusta empinar o cóbado, e non de copas, como ás finas, senón de morapio, que bebe moito e ponse moi perdidña, que hastra disque se lle esterca o estámago, con licencia, e cheira coma nós os homes que andamos nise vezo.

Conque da cociña pasamos á saleta onde estaba decote a dona do trato, que ía poucas veces ó salón. Rescibíronnos cun aquel que non era o acostumado, e até a Nonó non contestou de bo xeito ó noso saúdo. Chegamos pirmeiro eu e mais o Milhomes e dixémoslle á Viguesa que Xanciño chegaría de alí a pouco, co que se puxo moi leda e botouse polvos na face i esborrifouse perfume por enriba. Nefeuto, cando chegou o Bocas foise pra il e apreixouno nunha longa aperta, i o outro mougán facía coma que a quería tornar de si ou coma que se deixaba agarimar de mala gaña; porque os homes que lles gustan ás putas, con licencia, son decote eisi, coma se se deixasen acariñar á forza, co que elas acírranse máis e andan tras diles aínda máis asañadas, que é cousa que non se entende.

A Viguesa ollaba pra somellante animal coma se non se fartase de velo e sen se asoparar dil, coma si llo fosen roubar, cos ollos húmidos e ademirados, coma si tivese baixado un anxo do ceio. I o outro lampantín deixábase estar cos brazos caídos ó longo do corpo, feito un estoa, ollando pra os biosbardos, coma si a cousa non fose co il. ¶Se fora eu, me

caso no carafio...! Pois a Víguesa chamáballe «mi chulillo», porque decote fala en castelán, pro non coma fai a Cansentado, que fora costureira, en Paderne e botárase a falar o castrapo, que foi o que escomenzou a perdela, e outras das casas de a peso que falan o castrapo cheio de jeadas pra facérense as finas e as madrileñas cos señoritos da vila. Non; á Víguesa víaselle dabondo que era seu falar natural, que disque lle viña da súa nacementa en boa casa, que hastra se marmuraba que era filla dun coronel do Ferrol, ó que disque se lle foran espaxando a muller i os fillos porque era moi xogantín, que a xente non se cansa de inventare cousas, e que tanto pode sere certo como pode sere trola...

A Nonó estaba esbacalloada, coas pernas abertas, encol do braseiro e co pito nun recanto da boca, coma decote; aquelas pernas grosas como eixos de carro, i a faciana maltratada das vixigas, de máis grandor que a dun cristião calquera, por máis groso que fose, aromatada, por embaixo do queixo, con dous ou tres papos, macios e peludos, que somellaban non sere da carne de ela... Tiña no braseiro un cazolo de viño a quecer, e cada tanto pegaba nil, arrecollendo coa mau toda aquela galdrallada que tiña por espeteira pra que lle non estorbase a visión, e metíalle longos grolos sen alentar. Dempois de cada engolido arrotaba coma un crego e decía pra si mesma, sen perder a seriedade: «Bo porveito, Nonó, que istes sexan os andacios que te maten e que se foda o mundo...», pois é muller de moita soberbia.

— «Como ves, meu chuliño», marmuraba a Víguesa, cofeándose descontra o prosma. «Co ben que poderías estare cabo de min, os dous xuntiños que non che faltaría nada... En que choios andarás ti...!»

— «Mira, Víguesa, xa sabes que te quero ben, pro eu preso nin por un cabelo, como din...»

— «[Anda, anda, lapanán, que vai pra dúas somanas que te non vexo, i eso que che mandei unha ducia de recados... [Con quen andarás ti metido...!]

O Milhomes que ollaba pra iles co aquil sorrisiño que tanto amolaba e que era o seu modo de se bulrar ou de dar a entender que estaba de volta do que se decía, finou por non lles facere caso, e foise a acrequeñar cabo da mullerona á que lle besbexaba, polo baixo, cousas que a facían rire, namentres andaba a remexer coa badila no rescoldo.

Ó outro lado da porta ouvíase no salón a pándiga que armaban os fletes coas pupilas, bailando ó compás do guitarrón do cego de Cudeiro, que botaba as mazurcas en castrapo, coa voce arronquecida:

*Si el mar tivera barandas
Fuérate vere al Brasile,
pero coma no las tiene
mi vida non poedo ire...
[ai si!*

Logo, facendo castañolas e ferreñas con canto poideron apañar pra meteren bruído, sentiuse que dous deles, que debían sere o Jiménez i o Quintela, que decote facían esa gracia, armaron un cachoupiño entre as risadas de todos, marcando con carraxe os puntos no estrado de táboas, como nun redoblante:

*Ai, polo pé,
pola punta do pé,
pola rabia do pé,
polo cachoupiño...
polo cachoupé...*

O Milhomes i a Nonó comadreaban polo baixo bebendo do cazolo, e cando ela falaba saíalle o fumo por entre as verbas, talmente coma si o fumo i a voce fosen a mesma cousa , pois non ceibaba verba de si que non fose envolta co fumo.

A Viguesa foi levando ó seu amigo lonxe da luz da lámpada que penduraba do teito, até sentárense no sofá de palla que aló hai nun recanto escuro. Púxoselle a facer agarimos, bicándolle o colo e dándolle endentadiñas nas orelas, sen que o outro lambón, todo estarricado, deixase de ollar ó lonxe, coas maus afundidas no cinto descontra a barriga, sen lle botar á outra a minor apalpadeira, que a min xa me estaba enrabexando aquilo.

Como a Nonó apúxonos que eramos «fletes de juerga seca», pedíronse dúas botellas de anís encarchado i outras dúas de licor café, pois tiñamos o estómago tan estragado que só sentíamos degoro de cousas lenes e doces... Máis tarde mandouse á Fani, a criada, que trouxese unha boa pota de callos da taberna da Xenerosa que nós nin probamos xiquera...

Nestas, apareceu pola porta que dá ás alcobas, a Costilleta, axeitándose o cabelo e seguida do Pepe o Cabito, que lle quedara este alcume de cando foi cabo de gastadores no servicio do rei. Pepe o Cabito, anque fillo do señor Argimiro o Peste, que tivera banquilla de zapateiro de rúa, ó pé da Fonte Nova, dábase moito ó señorío porque traballaba de escribiente no auntamento. Total viña a sere un deses señoritos de caldo á merenda que aínda gañan menos que nós, e todo se lles vai en andaren de capa e bimba i en alternaren con algúns señores de carreira polo gallo de seren todos republicanos, que lles din, e que se axuntan algunhas vegadas na Lameda a botaren discursos que ninguén entende, até que os torna de alí a Guardia Civil. Estrañoume velo na casa da Nonó, pois eu

supuña que era, polo menos, flete pra a casa da Caridá ou da Monfortina, que son, coma vostede me enséña, que xa o dixeran denantes, casas de a duro.

Marmulou un «boas noites», de mal modo, coma si o amolase que o tivesemos visto, e sortiu pola porta de atrás, por onde nós entráramos, e que é a porta por onde entra e sae a xente de confianza da alcagüeta. Ó sortir fitou de esguello para o Bocas, que nen conta se diu de aparvado que estaba.

A Costilleta foino despedir, e cando voltou veuse pra a miña beira, que aínda me deu un bico na meixela e acochouse descontra min coma quen ten frío.

Eu tíñame ocupado bastantes veces co ela, pois aunque non era moi goapa nen andaba moi comprida de carnes, tiña fama de limpa e de facer ben as cousas, que por certo era verdade... Tíñame proposto moitas vegadas que fomos queridos pra non tere que pagar, pois, coma vostede me enséña, eiquí é costume que os queridos poidan quedárense de dormida os luns sen pagar ren, anque ista sexa un engado, pois o que non se paga polo adubío váiselle logo a un en pagare o escote da cea e da bebida e máis da prepina pra o cego Cudeiro.

— «¡Ai, meu rei», decíame a Costilleta, pegándome belisquiños nas coxas, «ti si que es home pra sacarlle a barriga de mal ano a dez mulleres...! ¡Ven pra acá, gandulo! ¿Imos facer as cochinadas?»

— «Deixa, muller, que non estou pra iso. Ando moi canso... E ademais xa sabes que me dá noxo de me ocupar con muller que sae de estar con outro».

— «¿Quen? ¿Ise? □Boeno, boeno! Moitas garatuxas e tal e que sei eu, petexa de eiquí e petexa de aló, aloumiñádoche as carnes por de fóra, que hastra fai cousas que noxo dá lembralas dempois, e total... patacas, que aínda queda unha pior que denantes... ¿Imos? Mira, Cibrán, dempois dun coma ise, dígoche que o que cómpre é un home das túas feitura, que vai ó seu sen andrómenas, e aínda recunca... ¿Imos?»

— «□Non teño cartos!», díxenlle pra sacarlle a teima.

— «¿E iso que lle fai? Págasme outro día, que xa sei que eres de lei».

— «Non, muller, non...»

— «□Anda, home!» E baixando a voce engadiu, coasi falándome na orella: «Dempois que nos ocupemos, saes ti soliño pola porta de adiante e sen decires nada. Non che convén que te vexan co iles... Vén que cho conto todo, que ó millor dimpois non temos tempo...»

— «Deixa ó home tranquí», dixo nestas a Nonó, soerguéndose e co aquela voce de homón que sacaba dos fondos do peito que tanto apuña ó sentila, pois coasi nunca falaba en voce alta. «Será mellor que vos lisqueades, que eu non quero líos. Agora que vos viu o Cabito será mellor que tomedes o portante», arrematou falando pra o Bocas. «¿Non che dixo nada a ti?», preguntoulle á Costilleta.

— «¿E que me ía decir?», contestou a outra, querendo disimular, anque víase ben que algo lle quedaba no papo.

— «Boeno, ídevos, e teño dito. Ise vaivos a denunciar... A min tenme xenreira porque sabe que o quero tornar de eiquí, que me acostuma mal ás mulleres...»

— «¿Pro, denunciarnos de que?», saltou o Milhomes alporizándose.

— «Boh, deixádevos de lerias e morra o conto, que o sabedes mellor ca min. Ídevos, e acabouse».

O Bocas asoparou dun empuxón á Viguesa e pódose de pé dun brinco pegoulle un couce ó cazolo do viño que se barrufou renxendo polo lume. A Nonó abalou movéndose toda como un monte e desapareceu por unha porta.

— «¿Que fas ti, peneque do carano, ascaroso?», chiou a Costilleta, dirixíndose a Xanciño. «Eso pásanos a nós por darlle entrada a criminales. E a culpa tena isa, que anda co il como unha cadela salida...»

O Milhomes ergueuse dun chimpo e pillouna polos cabelos namentres o Bocas lle escachaba un hostiÓN no meio da cara que a fixo caír tan longa como era. Cando a Viguesa se viña tamén pra ela cun sillote erguido, voltou a Nonó coa face vermella, coasi moura coa rabia, cunha iñorme tranca na mau arreboleándoa dun xeito destemido e deixándoa caír sóbor todo dios.

— «¡Fóra de eiquí, cabrós!»), berraba co aquela voce que era coma un trono dos ceios. Cómo serían os golpes que ferraba que cun deles que lle marrou escachou a táboa da mesa... Nestas abriuse a porta do salón e asomaron os homes i as mulleres que aló estaban na pándega, con intención de vírsenos enriba. Nós botamos pra fóra pola porta de atrás e

saímos todos tres a oito, coma chuspídos... Detrás de nós, oíanse os brados da xiganta enchendo toda a praza da Santísima Trindade:

— «Ladrós, criminales, golfós...! ¡Botádelle a mau a ises...!»

Parara de todo a chuvia e sopraba un curisco que tollía os alentos. Non había nas rúas alma viva. A lúa viña grande e crara por entremedias das nubes esfiañadas e lixeiras. Cando paramos de correr, aló pola praza do Correxidor, ouvíronse no reló da catedral as badaladas de meia noite. Tíramos pra arriba con intención de meternos na casa do Milhomes, que vivía na rúa de Crebacús. As pernas non nos sostíñan ben pola causa das bebidas doces que son de moita treidoría, coma vosté me enseña.

— «¡Pois estamos fodidos!»», dixo o Bocas parándose no portal. «Ide a onde vos pete, pro eu non me meto en ningunha casa. Non sexa o demo...»

— «Eu non me asoparo de ti», respondeu o Milhomes collendo ó outro dun brazo cun aquel de valentía que me chegou adentro. O Bocas, co aquela mistura, tan propia dil, de darse conta das cousas e de brincarlles por enriba coas súas arroutadas, propuxo:

— «Temos que acabar os cartos que nos quedan. É de mal agoiro saír de esmorga e voltar pra a casa aínda que somentes sexa cunha rafa de diñeiro. Conque, ¡á seguila!»

— «Mirade... Eu iría convosco», díxenlles, «pro non aturo máis ista door dos pés que me voltou co frío. Todo está fechado i eu non podo andar eisí dun lado pra outro... De tal modo que me va des a disimular pro, xa que estou tan perto, voume pra a casa de mi madre...»

— «Aló ti», falou o Bocas, «pro eu dígoche que si che botan a mau enriba... Estou certo de que xa todo se correu pola vila, e dun xeito ou doutro... Se queredes imos ó mesón do Roxo, que coma todos os que van alí son xente de avería i o que máis i o que menos... Amais diso son coasi todos forasteiros, coma sabedes. Hoxe ten que habere moito xentío pois é víspera da feira do sete i ármase alí decote unha chirlata de arrieiros e tratantes que dura toda a noite... Se gañamos ímonos no tren das cinco pra Monforte uns días até que pase ista encalsamada, que noutras piores me teño visto e total sempre é máis o bruído que as nocés... ¿Que se determina?»

Eu quedeime cavilando un anaco. Certamente o Bocas tiña razón. Eu estaba engaldrullado a par diles, polo menos até que non poidera falar de como socederan as cousas, tal como o fago agora, que ben se ve que non tiven culpa de ren. Ademais sabía que en canto me quedase só íame a vir o «pensamento» dun arrepente e non me podería valer porque xa eran moitas cousas as que tiña enriba de min.

— «Boeno, ¿que determinas? Non hai que sere cagán, hom... Cando se anda entre amigos hai que deixar ire as cousas até o seu romate», dixo o Aladio, botándome a mau polos ombreiros.

— «¡Alá vosoutros! O que eu quero é estar ó quente e sacar as chancas. Conque, andando».

Esto era o que eu decía pro non era toda a verdade. O certo é que escomenzaba a estar inqueda dentro de min e quería ir a onde houbese xente e onde se armase rebumbio, e beber e beber, antes de que medrase aquilo, anque me ardesen as paredes do peito.

— «Non convén ir aínda até que estea o mesón ben cheio coa xente que vai chegando pola noite. Será de eiquí a unha hora. Agoanta un pouco e vamos por eí a facer tempo ou ver se podemos metérmonos nalgún achego».

A confianza que puña o Bocas en todo canto falaba deume azos e botamos a andar baixando pola rúa dos Fornos. O ceio estaba limpo e a friaxe metíase na cana dos ósos, que xa se vía ben que estaba pra xiada. Ó cabo da rúa atopamos aberta a churrería da Parroquia, i o Milhomes, facéndonos adiantar uns pasos, botou a manta por enriba da testa i entrou . Voltou a pouco cun par de botellas de aguardente do país. Dende o gonzo dunha porta, onde nos meteramos pra deixar paso a uns que cruzaban pola rúa da Estrela, vimos que algúns saían á porta da churrería e acenaban pra onde supuñan que tería collido o Milhomes. As cousas non andaban ben... Cando voltaron a entrar, apretamos o paso e metímonos pola rúa do Tecelán que estaba moi escura, coma se non tivese acendido os faroles. Alí démoslle un bico á pirmeira botella, tan longo que a baleiramos. [Boa falla nos facía, que eu, cunha cousa i outra, xa estaba pra esmorecer! Pois cando a min me vén iste desalento non son home pra ren, e somentes quérome acochar onde ninguén me vexa nen me sinta e apretar os dentes e morder os cotenos até que me sangoentan, pois doer nin me doen...

—

— Sí, señor, é verdade, non me dea creto... Pro cando me poño a falar dista disgracia que a min me pasa e que non lle pasa a ninguén...

Conque, a bebida botoume daquelo, coma decote, coma si estivese atado e me desatasen... Talmentes. Pro esta vegada, ademais, deume por rir sen sabere por qué. Os outros dous

sen saberen por qué eu me ría, puxéronse a rir tamén, i a pouco riamos todos tres con gargalladas de tal sorte que non nos podiamos ter dereitos e andabamos collidos facendo un feixe cos brazos, i en logar de avanzarmos pra diante iamos en rodopío, sin deixar de rir, coma si foramos a rebollós sen tere caído, que era cousa de moito admirar.

Aquela adiversión meteunos tanta ledicia no corpo que nin conta nos dabamos do que iamos facendo até que nos guindaron auga enriba dende unha casa. Entón caímos na conta de que estabamos barullando máis do que conviña; e como non podiamos deixar de rir puxémonos a taparnos a boca uns ós outros, co que nos veu aínda máis gaña de rir, que xa non sabiamos qué facer pra aturala... De sócato o Bocas, que coma máis feito a estas tolaxadas endexamais se esquecía de albiscar pra arredor, dixo que había que apretar o paso, pro sen correr, porque somellaba que alguén nos viña velando meténdose nos escuros da paredes da rúa. Quizabes fosen os da churrería. Tamén falou de esperármolos e de pelexar co iles, pro eu saqueillo da chola, pois non estaba o caso pra metérmonos en novas falcatruadas.

E sen sabere cómo, atopámonos na rúa do Istituto. Ó lonxe, por enmeio dela, víase vir vindo un municipal, a paso vagaroso. A rúa estaba alampada de luar e non podiamos atravesala sen sere ollados. Conque fúmonos deixando ir, dun en fondo, apegados á parte sombriza, i ó chegar fronte ó adral da eirexa de Santa Eufemia, vimos que estaba aberta e metímonos nela coma ratos...

O altar maior locía todo aceso de candeas, que moito me chamou a atención que a tales horas da noite isto socedese. Estaban aló, a carón, dúas ou tres ducias de cabaleiros, pois mulleres non se vían, todos axoenllados, e ouvíase o besbellar dos rezos a pouca voce, e todos

moi xuntos e rezando a eito, coma si estivesen botando unha ladaíña, desas das misiós ou das rogativas... Eu non sabía cómo trepar co raio das chancas ferradas pra que non fixesen estrondo nas laxes. Un daqueles cabaleiros algo debeu de apercibire porque se voltou pra abesullare, pro xa nós estabamos acochados tras dunhas colunas, descontra un confesonario.

Nestas, renxeu un pouquiño a porta e vimos ó municipal, que por certo era o tío Sardiña, metía o morro un pouco, pro non pasou de eí. Anque non nos podía ver onde estabamos, por si es caso metímonos no confesonario no mesmo instante en que de novo nos tentaba aquela fodida risa. O tío Sardiña fitou un instante e logo foise, arrimando a porta a modiño. Ficamos un pouco sen saír, agardando a que se alonxara por si lle daba por voltar a meter os fuciños, e mentrestanto encetamos a segunda garrafa da augardente que estaba tan baril coma a primeira e que somellaba tere algún engado co aquel seu xeito de pornos tan ledos.

— «Istes son os que lle din da Adoración Noturna, que rezan somentes de noite», dixo o Milhomes que a sabía toda.

Depois dun pouco, asomámonos a axexar pra vere si era o instante de podermos saír. E foi eí cando nos asegundou a condanada da risa, pro esta vece con boa causa, pois vimos que todos aqueles cabaleiros xa non estaban axoenllados senón coasi debruzados, coas nádegas erguidas e as cabezas baixas, coasi rente ó chao, botando todos xuntos unha cántiga coma si a rosmasen polo narís.

O Milhomes foi o pirmeiro que escomenzou a ceibar aquela risiña de soleta que, como xa facía un bo anaco que a estaba aturando, subiulle de seguida a cacarexo. E coma si o seu riso fose quen pra abrirse o cachón dos nosos, [Sandiós!, aquilo

foi un esboiro de gargalladas que até me deu un ponto nas illargas que non me deixaba alentar; i un pouco co rir i outro pouco coa bebida, cuasi non atinabamos coller pra o lado da porta. E por si fose pouca toda esta pirdición, o Bocas, que entre as súas animaladas tiña sona de peidorreiro, ó chegar perto da porta, botou un dises seguidos que arrematan cun estrondo, con perdón da súa cara...

—

— Déixeme rir, señor, que algo adivirtido me tiña que vir ás mentes polo entremeio de tantas cousas feias e tristesiras desa noite do carafío.

—

— ¿E que máis feitos quer, señor? Os feitos son istes, un por un e tal coma socederon. O romate diles foi porque outras cousas foron pasando denantes. Se non tiveran pasado, o romate sería doutro xeito do que foi. Porque a verdade é que cada cousa que faciamos non era das que se fan decote nas esmorgas, que ó fin todas son cousas de adiversión e trastadas que teñen remedio... Nós íámolas facendo de tal xeito coma si as fixeramos sen darnos conta, ó menos polo tocantes a min, pra que logo non tivesen remedio, coma quen vai fechando portas tras de si e guindando coas chaves, coma pra non querer voltar, tal coma si adrede camiñáramos á nosa pirdición.

—

— No tocante ós «autos», coma vostede me enseña, pois a pouco andare, logo que saímos da eirexa, parámonos un anaquiño a ceibarnos daquela risa que nos abafaba, e logo fumos a dare á Fonte do Rei onde mexamos na pía, con

licencia de vostede. E foi nesas, e cóntoo pola importancia que dimpois tivo o caso, cando o Bocas se puxo a falar co que tiña na mau con premiso da súa cara, decíndolle, con moito agarimo, «que non se ía a ire de baleiro», «que non había romate de esmorga sen muller», «que tivese pacencia», i outras parvadas polo estilo, que a min até me daba vergoña ouvilas de beizos dun home feito e dereito, anque un ten que comprender que a bebedela trai estas cousas.

Conque, foi eí onde o Bocas voltouse a acirrar naquela vértola de que tiñamos que ire de novo a vere á belida dona misteriosa do señor de Andrada... E nin eu nin o Milhomes fomos quen pra tirarlle da croca somellante tolemia, pois xa sabiamos que o Bocas era eisé, vertolán coma un pequecho, e cando algo se lle metía na cachola tiñaio que facer anque metese nelo a vida; porque, eso si, home destemido non conecín outro á par dil.

—

— Está ben, si señor. Será coma vostede dispoña, con tal que me deixen eiquí e non me leven ó coartelillo. □Eso si que non... !

—

— Non lle fai... Anque tivese que morrer de fame. Ademais, maldito o apetite de comer que teño... Si aínda fose un grolíño de tinto, pra me alentar un pouco...

— □Moitas gracias, señor, moitas gracias!

Capítulo IV

— Non señor, non; cando se armou a zarrazina no mesón do Roxo, nós xa saíramos. Quedámonos por alí cerca sen nos deixare vere , pra albiscar o que pasaba.

— Si, señor; vimos que sacaban ó Zamorano, ferido, que se lle vía a cara sangoentada. Dempois saíron outros, todos embrullados nunha grande liorta de paus e navallazos.

— Non señor, non; dígollo outra vegada... Bastante temos co noso sen que teñamos que carregar con cousas que non fixemos... Perdimos os cartos nunha partida de sete e media que tiñan armada uns xamoeiros masidaos, que son xente moi caloteira e andan a la santa buena polos feirales, con baraxas amaestradas. Díxenllo ó Bocas pro non me fixo caso...

— ¿Que ei de saber o nome? Digo esto porque mo dixeron uns do Ribeiriño que atopei aló.

— Non, señor; tampouco sei como se chaman... Sei que son do Ribeiriño porque os teño ollado aló, na taberna do Sancristán.

—

— ...pois voltamos pra a cibdade. Subimos pola carreteira de Trives e metímonos pola Travesía sen atopar a ninguén... O Bocas seguía coa súa teima, e agora estaba aínda máis acirrado nela porque quedamos sen cartos.

—

— Coido que non, agora que xurar non o podería xurar. [Quen sabe o que pasa nos adentros de cada un! A teima somellaba sere, de comenzo, pra vere de novo á belida señora. Cecais dimpoixa a ocasión...

—

— Señor, prégonlle que me non faga decire o que non dixen... Dixen que se tiña quedado sen cartos e ren máis, e que quizabes por eso voltara á teima de irmos de novo á casa dos Andrada. Ó mellor si saíramos da timba con cartos dabondo, daríalle a vértola por facer outras cousas, digo eu... que eu non estaba dentro dil pra sabelo...

Conque ó chegar perto da Praza Maor, oíronse as tres da mañá, no reló da Catredal. A xiada estraba as rúas e mais os tellados, que todo somellaba de vidro polo moito luar, i os charcos a chuvia estaban outravolta adurecidos polo carambelo. Cando pasamos pola Lameda aínda se vía o relustro do lume do pazo, que me desacougou moito velo, pois xa se me tivera esquecido; ou, ó menos, non pensara nil. Co aquilo voltoume un grande acoramento e viñéronme ganas de

me apartar dos compañeiros e facer non sei qué. Pro o Bocas non daba tempo pra cavilar. Cando se lle puña unha cousa na... Ía diante de nós, camiñando con gran resolución, sen decire verba, e nós seguíámolo, pola miña parte de mala gaña, pro seguíámolo coma si en logar de ir diante de nós fose detrás empurrándonos.

A min non me collía dúbida de que aquela nova tolaxada que íamos a pór por obra meteríame de novo o «pensamento» no corpo, que xa o sentía vir vindo polo peito embaixo acurtándome os azos e meténdoseme por entremedias das cavilaciós pra mas esparexer, coma decote. Dígolle, señor, que iste entupedimento das cavilaciós, esta mourenza que me vai enchendo os miolos coma un fumazo, que non sei como llo decire... porque polo menos cando eu era rapaz, que xa me viñan estas cousas, anque aínda non atinara a chamarlles «pensamento», ó menos curtábanseme co accidente, que era eisí coma quen se durme... E anque logo, cando me voltaba o siso, estaba todo magoado i ás vegadas ferido, pois até me apremían os dedos con ferramentas e turrábanme da língoa pra que non abafase, pois logo que me pasaba sentíame moi ben naquela floxeira do corpo coma si acordase dun sono moi longo, e até de alí a un anaco non me lembraba do que tiña pasado... Pro agora...

Boeno, que total xa estabamos metidos no lío e había que tirar pra diante . Certamentes que até o desexaba pra me ceibare daquelo, pois cando as cousas de fóra de min teñen moita forza poden coas de adentro, i entón voume ollecendo do «pensamento», que me tenta a quedarme só pra virme con más asaño, i entón teño que facer coma que non lle dou creto e botarme a andar entre a xente ou pórme a facere cousas pra ceibarme dil, pra que o que anda por fóra teña máis grande arruzamento, coma si fose a entolecer...

— Ten razón que lle sobra, señor... Pro é que cando me poño a falar dista cousa tan fodida que a min me pasa, non dou romatado. E quizabes iste tanto falar é pra vere se eu mesmo me entendo, que aínda moitas vegadas falo sen falare con ninguén, que mesmo somella coma si en vece de sere eu un fose dous.

Pois indo ó conto, eu tiña que ire adispacio por mor do encetamento dos pés que coa friaxe do tempo doíanme coma raios. Os outros ían diante sen deixaren de disputar. Mellor dito non levaban retesía senón que Aladio o Milhomes, baduaba e baduaba coma si falase pra unha parede, pois o outro, coas maus afundidas nos petos, alancaba sen lle respondere ou botáballe cada tanto un gloriapatre facendo ó mesmo tempo aceno de lle querer bater, que decote andaban nisas... E diste modo metímonos no calexón da Burga. Cando chegamos ó cavouco das obras, o Milhomes aínda o quixo parar pillándoo por un pulso, pro o Bocas sen decire ren mandoulle unha pancada no carrolo ferido e guindouno de fuciños.

Certamentes, o Bocas estaba tan fôra de si como eu nunca o tiña ollado. Tan acirrado ía na súa teima que máis que bébedo, pois dobláranos a beber a nós os dous, somellaba tolo, un tolo axotado e penchoso que puña medo coma un adoecido... Ó Xanciño a bebida non o amolecía, por máis que bebese, senón que, a par que ía bebendo, íase pondo rexo, duro, amuado, até que, cando non o podía aturar máis, dáballe coma un arrepente de quedárese tan dormido coma si estivera morto. E dimpois dormía días inteiros, que ninguén era quen pra facelo acordar. Pro mentres non lle chegaba o intre de se asosegar diste xeito que digo, amosábase moi dono de si anque destemido e atricador coma si quixese pelexar con

todos cantos ollaban pra il. Pro todo isto con moito xuício nas falas e nas maneiras do corpo coma se non estivese bébedo, que somentes se lle notaba naquela lourideza do rostro, que se lle puña branco como un lenzo, e no brillar los ollos, pro má is principalmente naquel pórse rexo e destemido igoal que unha besta brava, facendo o que lle petase sen atender a razóns e levando todo por diante. A súa bebedeira víase máis nas cousas que facía que en como as facía, que era un facere serio todo cras de arroutadas e tolemias, cecais serio en demasía, aínda que un pouco desaxocado naquelas présas que lle daban, pra os que o coneciamos no seu natural.

Conque meteuse no furado das obras e púxose a indireitar as apeas que nos serviran de escada pra subir ó hortal dos Andrada aquela mañá. Andaba ás apalpadelas, guiándose polo pouco relustro que se metía pola parte outa do furado. Eu fíxenlle algunhas reflesiós pra que non nos meteramos de novo naquel lío, que porque unha vegada nos saíra ben ó mellor agora saíanos coma o nabo, que así son as cousas. O Bocas, sen deixar de traballar, respondeume:

— «Eu non vos digo que veñades si tedes medo. E dígovos tamén que é mellor que non veñades. Eu quero estar co isa muller anque teña que xogarme a vida ou sacarlla a quen se meta por meio; anque teña que tumbar a meio mundo. E acabouse... Xa o sabedes».

— «Cala, tolo, cala», besbellou o Milhomes, «que mesmo somella que che diu o ramo... O que vas a gañar co isto é que che boten de perda, un par de escopetazos, os poucos miolos que che quedan. Ímonos, ti, e que se foda coas súas teimas».

— «Nista situación», contesteille, «eu non deixo a un amigo, por máis que me estoxe o que faga, coma arestora co iste cabalo grande que non sabe máis que estar inventando toladas. Ou ímonos todos ou subimos todos, e que veña o que veña, que pola miña parte non quero que a ninguén lle quede o dereito de chamarme logo cagán...».

Pro xa o Bocas comenzara a agatuñar pola parede do cavouco espetando as apeas a par que ía subindo. Non nos quedaba outro remedio que seguilo. E aló fumos...

A casa estaba toda a escuras, como era de supor. O soutiño dos camelios daba unha sombra mesta e témera recortándose no chau. A lúa ía caendo ó poente, e o seu relustro facía faiscar coma espellos os vidros todos da galeiría... Dígolle, señor, que aquel silenzo e aquela luzada tan estremosa puñan máis medo que unha ducia de homes armados. Somellaba que algo tería que soceder dun instante a outro...

Arrimándonos descontra o muro fomos chegando ós baixos da casa. O Bocas púxose a tasmear por onde sopuña que se podía subir, empurrando as portas e remexendo nos cerrollos, sen nengunha cras de precaucións. Unha delas cedeu i entramos acendendo mistos e vimos sere a cochera da cas, que estaba toda cheia de po e de arañeiras que decolgaban de todo e que nos daban na face ó camiñar. De alí fomos dare a unha sorte de bodega ou dispensa ateigada de cousas de beber e de manxar. O Xanciño, cos seus aers de non andare en casa allea, acendeu un quinqué, armou un pito, ollando con moita soalleira pra todo e roparou nunha botella que aló había nunha mesa, a meio baleirar, moi posta nunha bandexa e cunha copiña a carón. Pegámoslle cada seu un bo grolo e resultou sere un licor doce e apegadizo, con labio a anís escarchado, pro con gosto eisí como a mixordia de botica; pro deixábase beber ben, e logo resultou que quentaba o corpo

a par da mellor augardente. Nos andeles das paredes había moitas latas de conservas con letreiros que non se entendían e moitismas botellas tamén con nomes estranxeiros, ó que se vía. Na mesma bandexa había unha plasta de adoínas, somellantes a perdigós de escopeta que, polas trazas, debía sere cousa de manxar. Eu pillei unha pizcarralla que logo chuspín, pois sabía a peixe podre.

Depois dun pouco de estar alí sentiámonos tan tranquilos coma si fomos convidados. O Bocas i o Milhomes até cortaron unhas boas raxas dun xamón que alí había encetado, e abriron unhas botellas, coma si tal cousa. Eu de comenzo non tiña fame e seguín a zugar daquel xarope con gosto a meiciña pro que agrimaba a gorxa e quentaba o coalleiro, eisí Deus me dea. Depois aínda rillei nun anaco de salchichón e bebín dunha daquelas botellas, que resultou dun viño vello máis levián e amaro do que estabamos afeitos a beber.

O Bocas meteuse un pouco pra dentro da casa levando o quinqué e facéndolle reparo coa mau pra que non lle dese a luce na cara. Facíao todo tan seguro de sí que eu decateime que non era a pirmeira vegada que tales cousas facía. Voltou de contado, e dende a porta acenounos de que o seguiseamos. Botamos a andar por un longo corredor e fomos dar a un portal grande, sobrado, ou cousa eisí, de onde saía unha escadeira, moi ancha e comprida, e todo estaba estrado cun pano diste grosso que enchoupaba o bruído das pasadas coma si se andivese por un lameiro. En chegando ó relanzo de enriba, papamos un susto de moito carano, pois aló había dous dises homes de ferro que traen os libros da escola, que lle din cabaleiros, que anque xa se sabe que están ocos por dentro, eisí, de primeiras, poñen medo a quen nunca os ollou de vulto.

Nas paredes había unha chea disas armas do tempo dos mouros, que se ven polas fiestras de moitas casas do señorío, que eu tamén as tiña ollado, que as teñen decote moi limpas e ben postiñas, que se vía que estaban alí pra enfeitar o asunto, coma fan decote nas casas do señorío, que todo o decolgan nas paredes.

O Bocas subiuse a unha arca que aló había, que non tiña ren dentro, pois abrímolos, e escolleu pra si a espada máis longa e rechamante, e deunos a cada seu un chisme daquiles, que non sei pra qué nos tiñan que servire, pois eu, pola miña parte, íame fixando ben por onde andabamos pra botar a correr de volta en canto aparecesese alguén; pois eu son dos que non quero líos, e anque a bebida tiña feito o seu na miña cacheira, non era tanto coma pra non me decatar que aquilo que estabamos a facer máis era cousa de bandoleiros que de mozos fillos do pobo, que andan de esmorga.

Conque, dunhas noutras e logo de tere andado por aqueles longos corredores sen se sentire alma viva, viuse unha rendilexa de luce que saía por embaixo dunha porta. O Bocas, non se fiando moito do sabre que levaba na mau, abriu a navalla, por si escaso, e arrempuxou a porta sen ningunha cras de cuidado. A luce viña dunha lámpada ou candieiro con velas de eirexa, que tiña tres acesas e xa coasi consumidas, e unha sin acender. Todo o que había naquil cabán, pois ben se vía pola cama que o era, somellaba cousa de eirexa, con grandes panos decolgados, cadros de santos e até santos de pau, que aínda había un Santo Cristo grande coma un home de certo, pendurado encol da vanceira do leito, que mesmo apuña coma se nos ollase á mantenta ó traveso das pálpebras adormentadas. Na chaminea ardían uns torgos a meio queimar e sentíase no áer un arrecendo mol e garimoso que máis parecía cousa de remedio que de perfume.

No meio do cabán víase un sillón que estaba de costas pra onde nós entramos. E foi eí cando papamos o segundo susto, pois vimos que dun lado penduraba un brazo de cristiao. Ó pronto quedámonos quedos i o Bocas rasquexeou e chuspiu pra vere si aquilo se movía. Pro non se moveu nada. Logo foise arrimando a modo, até dar frente á cadeira e quedouse abambeando a cabeza a carón do que vía.

Cando nosoutros nos achegamos tamén vimos que estaba alí, todo estomballado, como un morto, o señor da barba que tiñamos visto á mañá. Estaba arrecostado descontra un gran cabezal e fardado até os pés cun hábito de bispo ou cousa somellante. Por un recanto da boca caíalle a baballa, e tiña os ollos vidrados e quedos, que tanto podía estare privado como difunto... O Bocas, sen se amedrentar nen moito menos, furgoulle nas barbas coa punta da ferramenta, sen que o outro acordase nen dese sinal de vida; e voltando a faciana pra nós, besbellounos:

— «Iste pescouna boa».

Pro non se ollaba por alí bebida de ningunha cras, anque tamén pudo tere bebido noutro lugar e vila dormir alí.

Na mesiña que tiña a carón había un braseiriño do grandore dun prato e tamén unha cachimba ou algo polo estilo, tan cativa coma unha alferga de costureira, que non sei que raios se podería fumar naquelo. A pipa tiña apegado no fondo unha mestura fedorenta, do xeito de betún, e deime conta que daba o mesmo ulido que andaba polo áer, aínda que máis forte e abufinante... Tamén nos deprocatamos que o leito que alí había non era de matrimonio...

Namentres o Bocas i eu andabamos a arreparar nistas cousas, o Milhomes puxérase a remexer nun moble que tiña trazas de sere un arcaz posto de pé, todo cheio de caixonciños moi feitucos, coma de xoguete. Cando ollei que sacaba dun deles unhas alfaias, funme pra il tencionando de lle empecer que fixese tal cousa, pois coma xa teño dito unha cousa é andare de parranda i outra sere caloteiro. Pro o Bocas meteuse por meio e puxéronse os dous a furgar nos caixonciños, que foi nesas cando diron coas onzas de ouro que se lle alcontraron ó Bocas no peto... Porque o Bocas deulle ó outro todas as alfaias, menos uns pendentos e un anel moi fermoso, que sen dúbida eran pra darllos á Viguesa... Non é por botar por ela facéndome agora o inocente, pro pódeme crer vostede que en toda esta fachucada de ladroeiros eu non me metín, que enriba do meu corpo ren se atopou que non fose meu, coma vostede sabe e coma xa dixen no coartelillo, anque mallaron en min todo canto quixeron aquiles criminales pra que dixese onde tiña agachadas as cousas... Si, señor, foron iles e ninguén máis, que aínda escomenzaron a tarefa moi postos de acordo, pro logo, cando ían aparecendo outras cousas, puxéronse a rifar pola rapañota que estoxaba ouvilos... En canto os ollei eisí, tan destemidos e asañados no roubo, decateime que non eran os rapaces que eu supuña tere ben conecidos, aínda coas súas chatas propias da mozarría esmorgante, senón xente que debía estar afeita a esta cras de adubíos e nagocios...

Conque, aporveitando que estaban tan ocupados naquela compartilla de gitanos, funme asoparando diles amodiño e cando me vin cabo da porta saquei as chancas dun envión, coma si me sacasen a ialma do corpo, e pillando un dos cabuchos do candieiro, botei pra fóra con mente de saír de alí coma poidese... Perdinme un pouco naquiles corredores, o que lles deu tempo pra me pillar. E

cando me pillaron botáronme en cara o quererme liscar sin iles, e aínda me apuxeron que algo tería collido pola miña conta, de moita valía, que cando tal ouvín viñéronme gañas de botarme a iles e crebarlles os dentes dun zocazo pra que non coidasen que todos eramos do mesmo xeito e pra que non fosen fillos de puta, con premiso da súa cara. Cando me cachearon e se convenceron que non levaba ren, díxenlles:

— «Son libre de me ire, e vosoutros facede o que vos dea a gaña... - ¡Aló vosoutros! De primeiras, quérome liscar porque eu non son ladrón; e de segundas porque ese home pode acordar, ou outra xente que haxa na casa, e ti, Xanciño, eres home pra facer calquera falcatruada desas que logo non teñen compostura, que te conozo ben, anque non te conecía tanto coma pra supor que tiñas esas mañas... Conque deixádeme ire que xa sabedes que tamén eu teño o meu xenio». Todo isto falabámolo polo baixo no recanto dun corredor.

— «Agarda un istante, home», besbesellou o Bocas, trocando o xeito de me falar, falándome coasi con benser, pro voltando á súa condanada teima. «Xa sabes que viñen eiquí pra estare co esa muller. O que collín non me importa, e si queres doucho, ¡pra que vexas...! Pro eu non me vou sen estar co esa muller. Cando a atopemos xa non me importa que vos lisquedes. Pro agora prégoche que non te vaias, ¿sabes?»

Baduaba todo aquilo mesmamente coma un tolo, e dígolle, señor, que anque eu non son home de me amedrentar por calisquera cousa, puña medo ollar a aquil home, á luce do cabucho, co aquela determinación nos ollos atolados, coma si fose quen, naquil intre, de arremeter il soio contra unha ducia de homes que se lle puxesen diante. O Milhomes, tamén amedoñado, ou por aquela pencha que lle viña cando o outro falaba de mulleres, púxose a rosmary:

— «Ten razón, iste, ten razón... Ímonos xa, non sexas porfiado. Co que levamos hai dabondo pra arranxar as cousas todas... Ímonos xa, non sexa o demo...»

Pro o Xanciño non viña a razóns. Xa durante todo o día se lle notara que cada vece que se lle metía o asunto aquil nas mentes, púñaselle o rosto tal coma si verdadeiramente lle dese un ramo de tolicie . Apertaba os dentes até facer tremer as queixadas e ampeba coma si lle fallasen os alentos do peito; i os ollos, púñanselle afuscados, estantíos e pequechos mesmamente coma cando sacaba de navalla nas falcatrúas e gallifadas das tabernas... Total que todo o que se conqueriu, co gallo de contradecilo, foi que lle viñese aínda máis estremado aquel asaño da tolicie que o tivera inqueda todo o día, dende o mesmo istante en que viramos á dona, que malia a hora en que tivemos tal ocorrencia.

Conque, sen facernos miga de caso, botouse a andare de volta polo corredor, ceibando xuramentos e desafíos, coa voce inteira, dando patadas nas portas, que se abrían sen nengún esforzo, pois víase que todas estaban sen ferrollo. Entramos en dous daqueles gabinetes e non se viu persoa diste mundo. Naquela casa polo visto non había ninguén... que pola miña parte até prefería que saíse calquera, fose quen fose, e andar a hostias ou a facazos con todo dios, en troques de aquel silencio e de tantos sobrados cheios de cousas ricaces, de mesas postas coma pra grandes xantares e de leitos tendidos, largacíos e luxosos, nos que non dormía ninguén, todo con luces acendidas...

O Bocas, cos dentes apreixados e o alento asubiante, erguía a roupa das camas coa espada, pegaba coiteladas nos reposteiros, abría os almarios dun puxón... E foi eisí coma, dunhas noutras, fumos sair á galeiría que ollaramos á mañá pola parte dafora.

Por dentro era moi espaciosa i estaba ateigada de prantas, e unha delas subía en ramallada até cubrir o teito. O luar daba de cheio nos vidros. Matamos a luz que levabamos connosco e todo ficou mergullado naquel fusco e lusco branquizado coma cousa de aparecidos.

— «Ímonos, Xan, ímonos, xa que estamos eiquí», pregueille con voce rexa. «Isto, tal como vai, non pode finar ben. A galeiría é baixa e podemos brincar facilmentes...»

Nesto foi que vimos chegar, de dentro da casa e polo fondo do corredor, luces que se movían. O Bocas fechou a porta sacando a chave de dentro pra fóra, e botamos a andar a présa en procura do cabo da galeiría por onde supoñiamos que sería máis doado baixar. Xa escomenzaban a ouvirse tras da porta alboroto de falas e algús sacudós pra abalala. E foi neste mesmo instante cando o Xan, que ía diante, detívose en seco e logo recuou pra nós tateando:

— «Eí está, eí está...»

Nefeito, tras dunhas matas de follas mestas e grandeiras, viase a fermosa dona cheia de luar, sentada, volta pra o xardín, o mesmo que a tiñamos visto á mañá, cos brazos estarricados e os ollos quedos e brillantes, como a cousa máis belida que neste mundo se tiña ollado. Parámonos tan perto dela que até tiñamos medo de alentar. A min batíame tanto o corazón na caixa do peito que me somellaba que se tería que ouvir dende afora... Estaba sentada nunha cadeira con rodas e tiña un neno cativo na aba. O Bocas diu unha pasada, saíndo de tras as matas, e púxose á súa beira dicíndolle:

— «Señora, non teña medo que non lle faceremos nengún mal...». Nosoutros agardabamos que pegase un berro en canto nos vise, pro non se moveu nen respondeu verba. O Milhomes apegado a min tremaba coma un vimio i eu suaba coma no rigor do vrau. Estabamos tan abraiados que xa nin nos importaban os golpes que daban na porta e os gritos que se ouvían cunha voce de vella que non se sabía qué decía:

— «¡Voler, voler; secur, secur...!», ou algo diste xeito.

O Xanciño fitaba pra a dona, quedo, aloleado e cun sorriso que somellaba o puchairiño dun neno cando vai botar a chorar, pro a dona non pestanexaba nen se movía, talmentes coma morta.

— «¡Señora ...!», díxolle aínda, aventurándose a collerlle unha mau. Pro non ben o fixera, rexeitouna dun pulo coma si se tivese queimado. Co iste movemento o neno caíu ó chau e fixose cachizos descontra os zulexos do sobrado. O Bocas, xa repostado, pegou nela pillándoa con bruteza pola aña, coma si lle fose a bater, e a dona foise pra un costado, inteira, sen se dobregar, cos brazos decote tesos e as maus abertas.

— «¡Malia a nai que me pariu! ¡Grandismo fillo de puta de tolo!», berrou o Bocas. E dándolle un tremendo couce á cadeira, guindou coa dona no chau, que alí quedou do mesmo xeito que estaba sentada, cos ollos estantíos brillando co luar. Logo de dare dúas pasadas aínda voltou, cheio de carraxe, i afundiou o tacón dúas ou tres veces na cara da boneca que quedou feita un buraco, mouro e témero, coma unha calivera escachada.

E coa mesma, chegamos ó romate da galeiría onde nos atopamos cunha escadeira que daba ó hortel, pola que baixamos coasimentes dun brinco. Atravesamos o xardín cando xa se vía xente con luces que entraba na galeiría. Baixamos coma poidemos polo cabouco e puxémonos a alandillar sen coller folgos até chegar perto da Estación...

Capítulo V

— Non, señor, ó Campo das Bestas fomos dispois. De primeiras fomos cara á Estación. Non sei si xa dixen que tiñamos mentes de pillar o tren misto, que pasa, como vosté me enséña, ás cinco da mañá e írmonos a Monforte, até que acougara un pouco o asunto, que o tempo todo o vai arranxando. E si non se arranxaba, tamén se falou de seguirmos pra a parte de Asturias onde, polo visto, atopábase bo traballo nas minas de carbón, que o Bocas tiña aló uns amigos.

Pro cando tiñamos pasado a Ponte Maor topeime co Barrigas, o do carromato, que estaba a enganchare, frente á súa casa. O Barrigas tenme boa estimanza, porque foi compañeiro do meu pai cando estaban de varrendeiros en Cádiz. Saíu de tras as mulas, cando xa os outros pasaran diante, pois eu fora quedando recuado por mor dos pés, e colleume aparte pra me decire que fariamos ben en non chegare á Estación que andaba por aló a parexa a nos precurar. Díxome tamén que nos liscasemos o máis lonxe posible, que xa se correra pola vila o que tiñamos feito... e iso que, naturalmente, non o sabía todo. Pro contoume que, amais do asunto do Bocas co Balbino o Cebola, na taberna do Chaguazoso, apúñannos o lume do pazo que disque fora tremendismo, como quedara, e queimárase unha cheia de gando e porcos de ceba que estaban nos cortellos, amais dos outros estragos que o lume fixera no mesmo pazo; que si nos pillaban que nos ían a matare a paus sen agardar á xusticia, e que si tal e que sei eu...

Conque deille as gracias, dempois de lle decire que o asunto non era tanto coma a xente esbardallaba, e funme pra os outros a contarllo. De comenzo o Bocas, quíxolle quitare importancia ó asunto, pro, con todo, pegamos a volta. Ó pasar de novo polo cumio da Ponte Maor, veume ós miolos un pronto de «pensamento», tan súpeto e fero, que a pouco pego un brinco polo petril pra tirarme ó río. Non faltou nin esto pra que o fixese, pois un instante non fun dono de min... Coido que me salvou aquela friaxe que me veu ás tempos e mais aquela floxeira das pernas, coma se fose a perder o sentido... Menos mal que pasou...

Ó chegar á outra banda da Ponte, o Milhomes trouxo da taberna do Sancristán, que xa estaba a porparar pra a feira do día sete, que é alí pertiño, que xa axiña escomenzarían de chegar os feirantes, dúas boas botellas de augardente, que boa falla nos facían pra non esmorecer. Unha despachámola de contado sen deixar de camiñar, tal coma se fose auga da fonte; porque haille casos eisí nos que un bebe non pola bebida senón coma quen engule unha meiciña, pra non se esmiolar pola falla das forzas...

Naquil intre eu xa non sabía qué facer de min e víame perdido. Pensaba na miña nai, no pequecho, na Raxada, coma si os lembrase dende a outra beira da morte. Cambiara eu tanto en tan pouco tempo que xa non tiña ren que vere connigo, co home que eu quixen sere no día denanterior, cando me determiñei a facere as paces coa miña amiga pra vivire a concencia, como home traballador, botando mau de min e dos meus. A disgracia saírame ó camiño na compañía daquiles disgraciados e víame metido en cousas que endexamais fixera nin matinara de facere. E o que máis me magoaba era que esto me fora a socedere xustamente cando tiña determiñado de me facere home de ben, coma si unha mala fada viñera a me

privare do meu intento no intre mesmo en que escomenzaba a polo por obra. ¶Pro agora xa todo se amolou, malia a min i a miña mala sorte...!

—

— Si, señor, si; xa me deprocató de que agora de nada vale laiarse, pro algo me val pra me librare diste peso no peito que somella quererme afogar e diste ire e vire do «pensamento» que casi non me deixa dende que eiquí me trouxeron... amais diso, sen bebida pra poder ollecer dista sofocación... E aínda menos mal que vosté foi tan bo e non me deixou levare ó coartelillo, porque daquela o «pensamento» finaría por me entolecere. Vosté tense que dar conta de que un home mozo, coas súas formas inteiras, non pode aturar que outro home, que non sexa seu pai, lle poña as maus no rosto da cara sen ofensa entre iles e sen poderllas devolver, esposado como o teñen a un, que hastra non sei como hai cristiaos tan ascarosos da súa ialma e fillos de mala nai, coma pra pórse a bater nos outros homes que ren lles fixeron e que non se poden valer, que iso nin é xustiza nin carallos que a fixo, coa súa licencia, e dito sexa sen fallarlle ó respecto...

—

— Ten razón... Disimule... Pro vosté non sabe o que é verse nas maus dun gandulo da nai que o fixo, que porque anda fardado doutro xeito lle veña a bater a un home, conecido de todos e fillo do pobo, ferrándolle hostias na cara ou vergallazos no lombo, e aínda couces en salva sea la parte, pra non decire nas fodinelas, con premiso de vostede, coma si un fose un gitano. I amais diso ríndose e coñeándose de un, que é coma si lle pegasen a un no meio da ialma, que é onde máis doe, e todo porque o teñen pexado coma unha besta e sen podérese valer... Porque xúrolle, meu señor, que

se hai que ire á cadea, irase, e si hai que ire a presidio, irase, porque o que faltou ten que pagalas aínda que as fixese sen mentes de facelas, que eisi é a xusticia dos homes e que se lle vai facere... Pro se me volta a mandare ó coartelillo xúrolle polo leite que mamei...

—

— Ten razón dabondo, señor, e que Deus lle pague a pacencia que ten conmigo, que pra non sere vostede deiquí é bastante considerado, e non coma ise fillo de puta de mandamais, que maragato tiña que sere...

—

— Non, señor, non quedei múo... O que pasa é que me apuxo moito seu modo de berrar arestora, que eu ren dixen descontra vosté nen o pensei, eisi Deus me dea... E se se me foi algún xuramento ou cousa eisi, vosté ten que considerare a situación dun home que, fose o que fose, endexamais se ten visto en cousas de xusticia, e tantas horas sen tere ollado a ninguén, coma non sexa a aqueles xudeos; sen manxar, sen beber, batendo nun e de eiquí pra aló, preguntándolle pra non deixarlle decire verba , ou facéndollas tragar si as di, sen podere xiquera pedire unha pinga de auga, sen poder facere as súas necesidás sen telos diante dun...

—

— Sí señor, xa comprendo, e fareino sen máis, coma vostede me manda...

...pois aqueles grolos de augardente aledáronnos as forzas, unha vegada máis, anque menos que as de denantes, porque as cousas que tiñamos que afogar coa bebida ían indo a maores.

Eu xa me deprocataba que non podería seguir bebendo porque xa sentía o estómago ensarreado, e os outros somellaban estar tan magoados coma min... Ían diante, coma sempre, collidos do van e querendo aparentar que estaban ledos e que todo era cousa da esmorga que pasaría coma tiñan pasado outras gallifadas e tolemias feitas outras veces...

Iamos por uns carreiros apartados que se entraban polo meio das viñas das aforas, e sentíase a voce do Milhomes, co seu falanguear atariñado coma palique de cortexo. Camiñaban con andar tórdeante de peneques, coa manta botada por enriba das cabezas e petexaban un no outro facéndose cóxegas e dándose empurrós coma si ta l cousa. Era nistas cando o Milhomes se aporveitaha da bebedela do outro, pois cando Xanciño estaba na lucencia do ser non llo consentía, ou polo menos non se deixaba ire até aquelas porcalladas que non somellaban cousa de homes; e polo que a min toca, que tanto teño andado con iles, nunca me poiden deprocatar de si bebía pra que o outro se aporveitase ou si o Milhomes o facía beber pra aporveitarse. Pro o que podo decire é que ningún diles se emborrachaba sen o outro, que endexamais se tiñan visto bébedos por soparado, ou cada seu en compañía de outros, que era moito misterio iste, do que se tiña falado nas tabernas. Pro cando pescaban a rolla, tarde ou cedo findaban nesas andrómenas noxosas de se agarimar e se bater, que non había dios que o entendese.

Facía un frío de todos os demoros. A min doíanme os pés coma se mos escodelase, e até me puña medo a idea de tere que me escalzar e vere o estropicio que se me tería feito de tanto camiñar, cos sabaños roídos polas chancas i os calcetís embrullados co sangue e co brume das feridas...

Conque, chegou un instante en que xa non dei máis de min e deixei caer ó pé dun valado, á ventura de Deus, que xa tanto me daba unha cousa coma outra... Sentía unha grande frouxedá no corpo e víñanme coma vágados á cabeza, arremuiñándoma toda, que non sabía si era de cansancio, de door ou da bebida. Cando os outros se apercebiron voltaron por min e leváronme coasi decolgado, e o Bocas decía, pra me animare, que xa estabamos perto dun abrigo onde il sabía que nos podíamos agachar pra descansarmos e falarmos do que se tiña que facer sen estare espostos a que nos visen.

O Bocas estaba moi estrano. Tan pronto se amosaba ledo e cheio de confianza coma dubidoso e amuado. Non había que fiare moito dil que era home de moita destrucia e capace das maores falsías. Amais diso era, dos tres, o que estaba co xuício máis perdido que até, ás vegadas, somellaba completamente bébedo, tanto no andar coma nas falas... A teima que levara durante todo o día, e aínda máis forte desque viñera a noite, era de tere que estar con muller, de iso non o podíamos apartare. E desque lle marrara o choio da dona que resultou sere boneca, aquela pencha puñéraselle máis forte na cachola... Porque cando o Bocas se puña teimoso era coma un animal fóra a ialma e non había dios que o parase. Os grandes ollos de neno, que tiña no seu natural, empequenecíanselle e púñanselle duros e fítosos igoal que os dunha besta brava, e o pouco que falaba era entre dentes, coas cacheiras apreixadas coma si en troques de falare rosmara, que había que pór todo o sentido pra pescare o que decía.

O Milhomes laiábase tamén porque co frío asañáraselle aínda máis a ferida da tariscada e facíalle unha xorobeta vermella no carolo, arrodeada de escoas do sangue callado. Co seu falar tatexoso de bébedo, o Bocas ía dicindo:

— «¡Me caso en tal, quero estare cunha muller que non sexa puta! Se vosoutros forades bos amigos...»

— «¡Faiche a ti boa faltiña!», contestáballe o outro, con voce entre bulreira e despeitada.

E diste modo iamos troupeleando por aquil carreiro que somellaba non tere fin... Parábanse cada pouco e zorregábanlle á botella, que non sei como tanto agoantaban daqueles corpos. O Maricallas, que somellaba sere o máis froxo, era o que máis aturaba dos tres. O Bocas, dempois de cada grolo, resquexaba forte, coma si tivera lume na gorxa, e voltaba a ceibar o seu laio de porcallán:

— «□...que xa vos dixen que quero estar cunha muller que non sexa puta...!»

— «¿Que vas a estare ti que xa non podes coa ialma , raio de larchán? ¿Pra que queres muller? Anda, pégalle un bico a ista...». E metíalle a garrafa descontra os dentes, que xa era máis o que lle caía pola roupa que o que engulía.

Dapouco, funme desfacendo diles, que me levaban no meio dos dous, e preferín seguielos como puiden. Ía quedando atrás diles un forte arrecendo a augardente e mais a auga de olor que lle botaba enriba o Milhomes dun frasco que roubara na casa do cabaleiro tolo, e aquela mistura de cheiros dábame engullos na boca do estómago que todo parecía cheirar do mesmo xeito, o áer, a roupa, o fumo do pito... De sócato Xan parouse e quedouse albiscando pra un costado durante un anaquiño; e coma si lle tivese vido unha idea nova, alancou por enriba dunha sebe e, sen decire ren, meteuse a camiñar por unha vereia que atravesaba a finca do Abade das Vellas. Polo xeito de coller o camiño, a longas pasadas, coasi correndo, deime conta que, nefeito, viñéralle á

cabeza unha nova tolería. Decote facía eso: en canto lle viña unha vértola nin a pensaba e poñíaa por obra de contado. E canto máis arriscada máis apresa se metía nela. E así ía arestora, dereito, firme, determinado, que até o andar se lle endireitara como se non tivera bebido, e custábanos traballo seguilo.

Foi deste modo como chegamos ó Campo das Bestas que vén sere, coma vosté me enséña, o lagar onde os varrendeiros van baleirar o cisco da cibdá.

Estaba o tarreo en partes enchoupado pola choiva que caíra, de maor modo as moreas do cisco novo, e metíanosenos os pés hastra enriba dos artellos naquela lama fedorenta que cheiraba a podre. As partes chas, estaban duras e esvaradizas coa xiada, de maneira que era mellor andare por enriba do cisco.

No meio do campo o terreo vén a formare un illó ou lagoíña, bastante fonda, que aló fan as augas chovedizas, e que no vran échese de moscas e tabaos e dá un cheiro que alcatrea por todos aqueles arredores, que até disque alí se teñen formado algunhas pestes. Agora estaba xeada entre as moreas do esterco e brilaba coma un espello embazado, polo gallo da lúa, que xa cuase desaparecera tras o monte de Santa Ladaíña pro que aínda lle apañaba un retrinco.

Anque non dixen ren, ó chegar a tal sitio escomecei a sospeitare o que aquel mal cristiao matinara , aínda que non me estrevese a crelo.

Nun alpendre que aló hai, un pouco alonxado da beira do campo do cisco, e meio tapado por uns bidueiros novos, vivía Socorrito, a tola... Sopoño que xa vostede a ten conecido, pois calisquera que leve un tempíño na nosa cibdá tena que conecer e que terlle simpatía. É unha muller aínda nova, ergueita,

de boa estatura e goapa, apesares dos estragos que nela ten feito a vida que fai a probiña. Aparescera, fai uns anos, polas rúas de Auria, como aparescen ises tolos que nunca se sabe de onde veñen, cun neno de farrapos apreixado descontra o seio, facendo que lle daba de mamare. A Socorrito, cando chegou, tiña a pele fina e branca, os cabelos crechos e mouros, que en lugar de lle caír quedábanselle asortelados arredor da testa coma unha coroa. Tiña a voce modosiña e falaba sempre en castelán, coma moitas vegadas adoitan as mulleres labregas cando perden o xuício. Somellaba unha señorita vilega, coas súas roupas tan ben axeitadas e co aqueles acougados movementos e aquel sorrir de dentes brancos e parellos... Ó pouco tempo xa toda a xente a quería moito e dábanlle de comer e de vestir polas casas, anque non era nada ffacile que o ademitise, pois decía que ela non era unha moimanta de pedire senón que estaba afeitada a manxare en mesa posta, con mantel branco e servida por criadas, que todo viña a sere pantesía e figuración da súa tolicie que lle daba por eí... E no tocantes ó da roupa, por cada prenda que lle disen pra ela, había que darlle outra pra o seu neno, anque se conformaba cun retrinco calisquera de pano que non chegaba nin pra vestir un dedo. E cando collía as cousas non daba nunca as gracias, anque era sempre de moito benser, propiamente coma unha dona principal, e decía que xa mandaría ó adeministrador «a pagar la cuenta...» □Probe Socorrito! Algunha boa xente tentou de recollela, pro cando esto socedía, daba en esmorecere até vir doente da saúde do corpo e moi enrabexada do carácter, de modo que había que ceibala de novo... Entón voltaba pra o alprende aquí, onde os varrendeiros do Municipio gardaban os carros i as vasoiras, e onde ela vivía arrodeada de berces que lle tiñan dado de esmola, ou que lle facían os carpinteiros con catro táboas, ou que ela tiña armado con caixós que pillaba, porque, asegún decía, había de tere vinte fillos cada seu dun home e todos

homes... Disque se puxera tola dende que a botara de perda un serranchín portugués, que a forzou sendo aínda unha cativa, aló no seu lugar, que era por Lobeira, ou cousa eisí... Os mozancós de Auria facíámoslle bulras agarimosas por aquela súa teima de querere ser nai de tantos fillos e perguntabámoslle, falando tamén en castrapo:

— «Socorríto, ¿cando facemos el hijo?» I ela, sen deixar nunca de sorrir, achegábase ó da pregunta, e dempois de cheirar nil un anaco, contestaba:

— «No puedo tener un hijo tuyo porque hueles mal. ¡Dispénsame!»

En troques, cando pasaba por ela un señorito, bo mozo e ben fardado, anque fose coa muller, íase pra il e decíalle con moito mimo:

— «¡Qué bien hueles! ¿Cuándo me haces el hijo?»

«Mañana, Socorríto, mañana, que hoy llevo prisa», era a resposta caridosa, e moitas vegadas tenra, que lle daban. Algún forasteiro até engradou cando se viu no caso, logo de que lle tiñan contado o asunto. ¡Probe Socorríto!

—

— Xa me decataba que tiña que conecela e que non lle estaba a contar nada novo, pro no meio de tanta porcaría dábame gosto pórme a falar dela por mor de...

—

— Está ben, si señor... Conque foi o Bocas e pediulle ó Milhomes o frasco do perfume, e borrifouse con todo o que quedaba. Dempois pegoulle outro metido á botella e guindouna, baleira, lonxe de si. E coa mesma botouse a camiñar coas pernas ben abertas, precurando afirmarse.

— «¿Pra onde vas ti nesa disposición?», berroulle o Milhomes, que polo visto non se decatara. O outro non contestou e seguiu camiñando, tropezando nas moreas do cisco. «Agarda que vou contigo...»

— «Ti non vés nada», contestoulle Xan, parándose un instante e co aquil seu modo de ceibar as verbas, que contradecirlas era tanto coma estar disposto a pelexar.

— «¡Pois que te coma unha centella!», arromatou o Milhomes deixándose caer no chau i embrullándose na manta coma quen se dispón a dormire.

Aínda se viu o vulto do outro subindo e baixando polas moreas e camiñando nunha dirección que non era a do alpendre. Noustante, eu que tiña a certidume do que matinaba, púxenme moi desacougado e quixen ire tras dil pra facerlle algunhas reflexiós. Pro seguramente ía tere que pelexar co il e coasimenes non tiña forzas pra manterme ergueito, cantimais pra me bater con somellante besta, ó que non era capace de domear toda canta bebida tiña no corpo.

O Milhomes somellaba írese adormentando. A pítima dáballo por rosmar polo baixo esas cántigas que botan as mulleres nas procesiós... Eu non podía co meu desacougo porque si consentía o que se me estaba a figurar ía a tere un cargo de concencia xa pra toda a miña vida. Sabíase dabondo, por outros cavardes e larchás que xa tencionaran aquilo mesmo, que a Socorrito era moi forte e valente, capace de se defendere

dos aldraxes. E, por outra parte, coma eu tiña ben conecido a aquil animal, fóra a ialma que Deus puxo nil tan mal empregada, deprocatábame ben que si lle marraba o enxeño de terse botado a iauga de olor pra arrecender a señorito, era home pra facere calisquera cousa desaxeitada.

Ó pouco andar, perdeuse no escuro. Pola miña parte, e aínda con todo o que matinaba, era tanto o esmorecemento que en canto me deixei caer no chau xa encomecei a velo todo tal e coma si estivera soñando... A lúa desaparecera xa facía un anaco. O ceio estaba limpo e caía a rabiar a xiada. Do terreo erguíase unha fumaza ou brétema que quedaba a pouco altor i escomenzábanse a vere, polos cumios do Montalegre, as luzadas, aínda moi borrallentas, do mencer. Entre as moreas do estrume íanse vendo as fochas coa iauga da chuvía xeadada, e pasaban raiolas de ratos iñormes, rebuldando nos desperdicios, que andaban a par de nós, ás vegadas pasándome por enriba, coma si estiveramos mortos.

Eu sentíame coma se naquil mesmo intre fose agoniar. Non atinaba a decatarme si aquela mágoa era cousa do corpo tan maltratado ou do «pensamento» que me viña de outro xeito; pro fose o que fose, arestora sentíame coma nas portas do pasamento, que xa tanto me daba unha cousa coma outra, e deixábame ire naquil esvaimento que somellaba non tere fin, coma se me quixese abalar e non poidese por ren diste mundo, que era coma irse indo, irse indo... que aínda me quixen agarrar, con todo o sentido, á lembranza da miña nai, do meu pequecho, e non o conquería, coma se me fose quedando baleiro de todo e se me fose esvaíndo a concencia, que endexamais me viñera o «pensamento» daquil modo e sen gañas de me afastar dil, coma noutras vegadas, senón que me quería deixare ire pra onde me levase aínda que non parara até a morte, que arestora non me amedoñaba...

— Si, señor, seguía alí, a par de min. Quedárase eisi, engruñado na manta, co papo entalado no peito e os ollos pechos. Pro, polo visto, non dormía. Estarricábase cada pouco i abambeaba a cabeza coma si se arrolase, e seguía rosmando polo baixo as ladaíñas que cantan as mulleres na eirexa... Nunha destas pegou a volta, quedouse a catro patas e baleirou todo canto tiña no corpo, laiándose a cada pulo da trousada. Dempois voltouse boca arriba e púxose a cofeare no bandullo estordegándose coa door. Como a luce aínda era pouca, acendín un misto e vin que tiña os beizos sanguíentos e a cara branca, mazmida e cheia de suor... O día viña vindo adispacio, i as cousas de arrente ó chau aínda non se distinguían ben no meio daquela boira...

Nestas foi cando se ouviu, ó lonxe, un berro tremendismo, con voce de muller. Eu erguinme dun pulo, cando o brado asegundou aínda máis forte. Dempois seguiron outros máis curtos, coma afogados. A par de min estaba o Milhomes axexando. O susto escorrentáranos as mágoas.

— «¿Que é iso?», dixo, coma querendo adiviñar.

— «[Que ha de sere... ! esa besta que está coa Socorrito». E coa mesma boteime a correr todo canto me consentían os pés feridos, en precura do alpendre, que estaba a uns douscentos pasos afundido nun desnivel do tarreo, caíndo e erguéndome nos montós do ciscallo. Nunha destas o Milhomes adiantoume, pasando a par de min cunha navalla aberta na mau. Sacando forza de non sei onde, aínda o poiden acadar. Pilleino por un brazo pra detelo, sen deixar de correr, e virou pra min unha cara coma endexamais lle tiña ollado, que era propiamente a dun home que non sabe o que fai.

— «Vaimas pagar todas xuntas ise cabrón...!»

— «Párate eí, Aladio, que te vas a perdere por ise canalla...!»

E foi niste istante cando me deu, pra se ceibare, esta cortadela que teño no pulso por onde escomenzou a saír o sangue a tornos.

Con todo, non o soltei e xuntos chegamos ó alpendre e xuntos baixamos o cómaro que o arrodea, con tanto pulo que coasi nos escachamos descontra a porta, que se abriu de par en par.

O Bocas apareceu, erguéndose dun recanto escuro, cos pantalós a meio subir, deixando vere a branca pele da barriga por un costado... E sen decire palabra diste mundo, o Milhomes alancou pra il e dun golpe afundiulle alí a navalla e rachou coela pra un lado, sacádoa aixiña pra lle asegundar máis abaixo, con intención de ferilo nas súas partes, con perdón sexa dito. O Bocas cangouse pra adiante querendo recoller coas maus escoadas de sangue, aquela trouxa de cousas branquiñosas que se verquían pola tremenda boca da ferida. Aínda quixo manterse en pé, pro non pudo, e caíu sobre dun costado, encollido e apreixando aquilo descontra si...

O Milhomes surtiu e botouse a correr... Eu corrín tamén, pro foi ben pouco, porque as forzas que me quedaban esvaíronseme coa gran disgracia que acababa de ollar. O Aladio, que debía ire cego, colleu pra a banda da lagoa, e aínda o vin dare unhas pasadas por enriba do xelo, que fixo, ó se crebare, un bruído de cristaes escachados, e afundiuse, berrando até desaparecere...

E diste xeito foi coma nos atoparon os varrendeiros, asegún dempois viñen a sabere... De non tere eu caído privado, tanto pola mágoa que xa tiña no corpo coma polo sangue que perdía, eu mesmo houbera vido avisar á xusticia, porque eu non teño ren que vere no caso das mortes, coma non sexa que pasaron diante de min sen poder facer nada... Sinto a morte que levaron, porque eran cristiaos coma min, pro merecían dabondo e hastra somella que a percuraban tal como a levaron...

E co isto, xa non teño máis que falar, e que Deus nos perdoe a todos...

—

— Si, señor, si. É isa mesma. Vinlla pouco, pro isa somella sere a navalla de Aladio o Milhomes.

—

— Certamentes, señor; digo que somella porque non lla tiña ollado denantes nin sabía que a levaba, e somentes lla vin un instante na mau, cando iamos correndo e cando me ferrou o golpe no pulso. Si ese é ou non o «corpo do delito», como vostede me enseña, podo decire que pode sere, pro non o podo xurar.

—

— Isa é unha parvada e hastra parez cousa de mala fe, sen faltarlle ó respeto. Eu non son home de navallas, que o pode decire todo o mundo no pobo... **E** fágame o favor de...!

—

— Non, señor, non teño nada nen me pasa nada...

— Non, señor, eu non berro nen teño por qué berrar, anque me amolou moito o que vostede aventurou da navalla... Amais diso, está todo dito, está todo dito e non hai que amuar á xente perguntándolle máis do que dixo e do que sabe... E teño dito e acabouse...! Porque... cando me vén forte o «pensamento», como arestora, que debe sere da fame e da sede, que vai pra dous días que non paso bocado, ou de tanto andar a remexer nistas cousas...! Porque o que quero é que me deixen en pace, que xa non aturo máis... e que, pola nai que me pariu...!

— Non, señor, non; iso si que non. Pídolllo por Deus, polos seus, por quen máis vostede queira... Prégollo eísi, de xoellos...! Non..., que non quero que me leven istes! Que non vou, que me levan ó coartelillo...! Soltádeme, asasinós, fillos de puta...!

Cipriano Canedo ou o Cibrán, ou o Castizo, ou... aínda pudo pillar dun brinco a navalla de enriba da mesa e afundila por embaixo das costelas... Porque hai xentes de tal condición que pra se ceibar do «pensamento» téñeno que matar dentro de si... Anque endexamais quedou craro, entre a xente do pobo, se morreu da navallada ou dos culatazos con que alí mesmo o mallou a parexa da Benemérita.

Meu tío o «ministro», a pesar de ser home de orde e, como resulta fÁCILE deducir do seu cÁrrego, moi adoitado á veracidade xudicial, soía decire, entre dentes, que levaran ó Castizo de alí coa fronte escachada, e que ó día seguinte, ó

varrer, atopara embaixo da mesa unhas folerpiñas «eísí coma de brume ou materia, que tamén poderían sere dos miolos que temos dentro da cabeza».

Ó menos, esas eran as súas verbas...

Eduardo Blanco Amor



Eduardo Blanco Amor, penúltimo fillo dunha familia de cinco irmáns, naceu en Ourense o 8 de setembro de 1900. A súa infancia, marcada pola fuxida do seu pai—cando Blanco Amor contaba sete anos—, transcorre na cidade natal. Aos quince anos, en plena crise da adolescencia, foxe da casa

camiño de Compostela, se ben esta escapada non ten consecuencias e regresa ao seu fogar. Comeza a relacionarse con Vicente Risco, Noriega Varela... e traballa como secretario de Dirección de *El Diario de Orense*.

Aos dezanove anos emigra á Arxentina. Na capital bonaerense asiste á Universidade e inicia o seu contacto co mundo da emigración galega. Traballa nun principio como empregado de banca, mais axiña comeza a súa actividade cultural, dirixindo diversas revistas da comunidade galega, ao tempo que se relaciona co ambiente literario arxentino e colabora no diario *La Nación*. Como corresponsal de prensa bonaerense, no 1929 viaxa a España. Realiza frecuentes visitas a Galicia, onde asina un manifesto nacionalista, e dous anos despois regresa á Arxentina. Comentarista de radio, xornalista e conferenciante, Blanco Amor publica o seu *Poema en catro tempos* e aparecen na revista *Nós* os tres primeiros capítulos dunha súa novela inacabada: *A escadeira de Xacob*.

De novo en España, como corresponsal de *La Nación*, entra en contacto cos poetas españois da xeración do 27, facendo amizade con Federico García Lorca. Blanco Amor corrixe e escribe o prólogo dos *Seis poemas galegos* do poeta andaluz.

No 1935 regresa a Arxentina e alí defende na prensa a causa republicana durante a guerra civil española. Remata esta, colabora cos exiliados en diversas actividades de oposición antifeixista, proseguindo o seu labor cultural galeguista e fundando o Teatro Popular Galego de Buenos Aires. Profesor eventual na Universidade do Uruguai e Chile, coñeceu e tratou a escritores coma Jorge Luis Borges, Leopoldo Lugones ou Rafael Alberti.

Tralo seu definitivo regreso a Galicia, a principios da década dos 60, Blanco Amor continúa o seu labor creativo na cidade das Burgas, e pasa tempo en Vigo, cidade na que había de morrer o 1 de decembro do 1979.

A primeira incursión literaria de Blanco Amor ten lugar no ano 1928, cando publica *Romances Galegos*, libro de poesía ao que lle seguirán *Poema en catro tempos* (1931) e, despois da guerra civil, *Cancioneiro* (1951). A poesía de Blanco Amor caracterízase polo emprego de formas e temáticas moi variadas, que van dende a estética do modernismo á linguaxe das vangardas e dende o tema do mar ata as composicións de intención social. O máis elaborado e homoxéneo —en canto a estilo e temas— dos seus libros é o *Poema en catro tempos*, especie de canto elexíaco pola morte duns mariñeiros. Organizado en forma de sinfonía (*Adagio sostenuto, Scherzo adagio, Presto, Andante maestro*), remata cunha solemne marcha fúnebre polos mariñeiros mortos, idealizados coma heroes inmortais.

O teatro de Blanco Amor mostra un pulo renovador, un tanto afastado do teatro galego tradicional, e máis en consonancia coa produción dramática de Valle Inclán ou García Lorca. *Farsas para títeres* é un libro que reúne seis pezas imaxinativas, cun grande dinamismo e ateigadas de elementos fantásticos que contribúen a disolve-la súa incisiva sátira. A deformación grotesca da realidade, o expresionismo crítico e a mestura do trágico co cómico, fan lembrar os esperpentos de Valle Inclán, mentres que a consciente falta de verosimilitude dos personaxes e o seu mundo conectan co teatro épico de Bertolt Brecht. Ademais, Blanco Amor introduce elementos do teatro do absurdo e emprega un humor irónico e retranqueiro, que xunto coas súas anteriores influencias dan lugar a pezas de indubidable orixinalidade dentro do

panorama do teatro de posguerra. *Teatro para a xente*, un conxunto de catro obras e tres contos escénicos, segue os patróns das pezas anteriores.

A esmorga (1959), esta primeira novela de Eduardo Blanco Amor, publicada en plena madurez, é un clásico da literatura galega. Iníciase a obra cunha «documentación» onde o autor explica, empregando a primeira persoa, cómo chegou a obter a información do que se relata a continuación: os sucesos ocorridos durante un día de esmorga ao Castizo, ao Bocas e ao Milhomes e o seu tráxico remate.

O relato propiamente dito está formado por cinco capítulos que seguen, que son unha transcripción das declaracións feitas por Cibrán, o Castizo, a un xuíz do que non se rexistran as intervencións —tal vez para subliña-lo feito da falta de comunicación da Xustiza, que tan só está para condenar—. Cibrán é, pois, o narrador dos sucesos acaecidos aos tres personaxes, desde o seu encontro ata a detención del mesmo pola Garda Civil, tralo asasinato do Bocas a mans do Milhomes e a morte deste.

Durante as 24 horas de esmorga, os protagonistas móvense por diversos escenarios do ambiente urbano ou suburbial de Auria —trasunto literario de Ourense—, cunha acción moi variada na que se mesturan breves historias secundarias con múltiples personaxes. A presenza constante dunha climatoloxía adversa —choiva, corisco, xeadá— convértese nun motivo recorrente e simbólico da novela. O capítulo V —o derradeiro— remata coa intervención do autor que aparecía na «Documentación» do principio, o cal deixa ao lector na dúbida de se o Cibrán morre no xulgado vítima das torturas ou se suicida.

A lingua popular empregada na novela vén xustificada pola condición social dos personaxes e polo ambiente dos baixos fondos onde se desenvolve a acción, motivos estes que teñen levado a algúns críticos a asociar *A esmorga* coa novela picaresca, coa naturalista ou coa tremendista. En calquera caso, Blanco Amor o que fai é recrear o ton e a sintaxe popular —pero enxertando léxico de tradición literaria— e poñer de manifesto, mediante a declaración de Cibrán, o drama do marxinado —e por ende do ser humano—, incapaz de ser dono do seu destino debido aos determinantes psicolóxicos e sociais.

Eduardo Blanco Amor representa a liña realista e materialista, o denominado «realismo social», que inicia no 1959 coa publicación de *A esmorga* en Buenos Aires. Tanto nesta obra coma en *Os biosbardos* ou en *Xente ao lonxe*, existen unha serie de motivos recorrentes que vertebran a súa narrativa: o espacio urbano da vella Auria, marco no que se desenvolven os acontecementos; a pertenza dos protagonistas ás clases populares ou aos marxinaos sociais; e os ambientes indixentes e mesmo famentos, en perfecta consonancia co subdesenvolvemento social e económico da Galiza deses anos.

Os vigorosos cadros que pinta Blanco Amor están apoiados por un perfecto coñecemento e adecuación dos medios técnicos, que insuflaron novos aires á narrativa galega: dende a técnica do interrogatorio, onde só se oe a voz do interrogado, en *A esmorga*, ata o perspectivismo, a técnica «magnetofónica» na mera transcrición dos diálogos ou certos enfoques obxectualistas de *Xente ao lonxe*.

As innovacións formais e temáticas da narrativa de Blanco Amor terían unha continuación na década dos 60 cando aparece unha nova xeración de escritores mozos que integraron o que se deu en chamar Nova Narrativa Galega.